

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12**

**SESION EXTRAORDINARIA DE 24 DE MAIO DE 2004**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María José
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Buefill, Antonio	Pérez Castrillo, Lois
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Mariño, Ventura
Couto Pérez, José Manuel	Polo Lima, María Soledad
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Porteiro García, María Josefa
Fernández Davila, María Olaia	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Fernández Fernández, Amador	Sío Lourido, Belén
Figueroa Vila, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
Graña Barcia, María Luisa	Toba Girón, Xabier
Guerra Fernández, Javier Jorge	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vintecatro de maio do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Buefill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

A Presidenta declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

UNICO.(124) APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO DO ANO 2004.

ANTECEDENTES.- Con data 13 de maio de 2004 a interventora xeral, en cumprimento do previsto no art. 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, presenta para a súa aprobación polo Pleno do Concello a documentación relativa ó orzamento do Concello e os seus organismos autónomos.

O concelleiro delegado de Economía e Facenda con data 13 de maio de 2004 emite a seguinte proposta que se somete a votación neste acordo.

"a) Aprobar inicialmente o Presuposto Xeral do Concello de Vigo para o ano 2004, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do OO.AA. Instituto Municipal dos Deportes.
- Orzamento do OO.AA. Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento do OO.AA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo

b) Aproba-las Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e ós seus Organismos Autónomos, coa salvedade das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

c) Aproba-las Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

d) Aproba-lo cadro de persoal da Entidade local e dos seus Organismos autónomos administrativos relacionados no parágrafo a) así como as súas instrucións e demais documentación complementaria.

e) Somete-lo expediente ós requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo, do 5 de marzo.

De non se ter presentado alegación ou reclamación, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.

O presuposto definitivo aprobarase con efectos do 1 de xaneiro do ano 2004 e os créditos nel incluídos, terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas ou por desenvolvementos da Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de

Estabilidade Presupostaria, ou por calquera outra norma legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordarase os axustes presupostarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral."

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión extraordinaria realizada o día 20 de maio de 2004, propón a aprobación inicial do Proxecto de Orzamentos do Concello de Vigo aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de 18 de maio de 2004.

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Antes de pasar analizar máis polo miúdo o orzamento xeral quería expresar a honra e a grande carga de responsabilidade que para este Concelleiro significa ter a oportunidade de presentar uns orzamentos municipais.

Estou seguro de que ó longo deste camiño cometín algúns erros, tamén lles podo asegurar que en función dos resultados obtidos algúns dos procesos que seguín para a elaboración do orzamento probablemente non os repetiría, pero lles garanto que traballamos con honestidade e con rigor co obxectivo de lles presentar o que na nosa opinión é o mellor posible para os intereses desta cidade.

Tamén coma paso previo a calquera outra consideración quero expresar publicamente o meu profundo agradecemento a todos os servizos técnicos destes Concello: Intervención, Tesourería, Persoal, Ingresos; a todas as persoas que colaboraron comigo directamente e que ó longo deste complicadísimo camiño me fixeron sentir o seu apoio e profesionalidade, sen eles non sería quen de lles presentar este orzamento.

Tamén lles quero agradecer ós meus compañeiros de Goberno e pedirilles comprensión por se nalgunha das partidas se me pasou a tesoiira máis da conta, espero que o poidan comprender.

Din os que saben disto que o Orzamento é o documento básico por antonomasia e onde se presentan todas as propostas de xestión dun goberno.

Coido que neste sentido todos os membros do Goberno que encabeza D<sup>a</sup> Corina Porro podemos estar moi satisfeitos porque neste orzamento se marcan unhas liñas de actuación que poden permitir facer fronte ós retos que se presentan para esta cidade tanto hoxe coma nun futuro moi próximo. Pero dende logo que nos podemos presentar moi orgullosos diante da cidadanía porque nas bases e nos principios que dirixen este orzamento están todos os elementos cos que nos presentamos hai un ano ós cidadáns desta cidade; son

eses principios os que inspiran este orzamento e baseámonos neles para o elaborar.

O primeiro principio era o mantemento ou a redución, de seren posible, da presión fiscal. Eu nesta parte da exposición non vou entrar en moito máis detalle pero coido que todos os cidadáns se darán conta de a qué me refiro cando teñan o recibo do lixo nas súas mans e poidan comparar con situacións anteriores vividas hai poucos anos.

O segundo principio polo que nos rexemos e que vostedes me escoitaron en bastantes oportunidades é a mellora da produtividade do gasto tentando reducir os gastos improductivos.

Vostedes xa mo escoitaron en moitas oportunidades pero coido que é necesario salientar que neste orzamento hai un importante esforzo por reducir as partidas de gasto que significan unha menor produtividade para o cidadán. Partidas como a de publicidade ou a de relacións públicas foron reducidas en máis dun 40% e aplicamos un principio, o de que non hai ingresos por unha banda e gastos pola outra, senón que hai ingresos e gastos que teñen sentido e gastos que non o teñen.

O terceiro principio que nós anunciamos hai un ano era a análise do orzamento dende unha base cero. Para chegar á segunda destas conclusións tivemos que paralizar todas as partidas orzamentarias e ir unha por unha, se ben hai que ter en conta que moitas das partidas son ríxidas porque están consolidadas dende hai moito tempo. Analizamos partida a partida por veren aquelas que presentaban unha menor rendabilidade para os cidadáns.

A cuarta base deste orzamento é o mantemento do compromiso cultural, social e deportivo. Se vostedes analizaron as partidas do orzamento, unha breve análise permite comprobar que este Goberno segue no compromiso pola cidade dos vigueses, unha cidade aberta a todo o mundo.

O quinto elemento clave neste orzamento é a apertura de mente, o diálogo e a busca de consenso.

Coido que todos os cidadáns foron e son testemuñas durante estas últimas semanas do esforzo deste concelleiro e deste Goberno por acadar motivar ós demais Grupos da oposición para que participaran neste orzamento e boa proba diso é o acordo co Comité de Persoal do Concello co que se estableceron canles de colaboración que coido que van supoñer que o persoal deste Casa vai estar moito máis involucrado na resolución dos problemas estruturais e na prestación dos servizos ós cidadáns.

Estes son os cinco elementos claves do orzamento que como xa dixen son os mesmos que lles presentamos ós cidadáns hai un ano: Reducción ou mantemento da presión fiscal, mellora da productividade dos gastos, facer un orzamento con base cero, é dicir, analizando todas as partidas; o cuarto elemento é manter o compromiso cultural, social, deportivo e tamén investidor; e o quinto o diálogo. Cumprimos os cinco.

Indo a un detalle máis concreto, máis cuantitativo do orzamento, coido que o dato máis salientable e polo que debo empezar é sinalar que con este orzamento a nosa institución acada outra marca no volume de recursos dinerarios á súa disposición, posto que o orzamento loxicamente está cadrado entre ingresos e gastos e acada o importe de 178.209.000 euros, o que significa un crecemento con respecto ó ano anterior do 4,7% sendo así unha marca para a nosa institución.

Os ingresos correntes acadan uns 160 millóns de euros e a partida correspondente de gastos, é dicir, os gastos correntes acadan uns 140 millóns o que garante o equilibrio entre masas orzamentarias.

Estes son uns pequenos datos pero agora, aínda que os datos son públicos e estou seguro de que vostedes os coñecen, queredría entrar nalgún outro detalle do orzamento máis técnico e para iso de seguido me gustaría lles achegar uns datos.

Por parte do orzamento de gastos, Capítulo I de gastos de persoal. Como saben este Capítulo é fundamental dentro da acción municipal e reflicte unha dotación de aproximadamente 49 millóns de euros o que supón un crecemento dun 4,59% sobre o período anterior, sendo o crecemento relativo un pouco máis pequeno que o crecemento orzamentario.

Neste sentido a Lei de grandes cidades (da que fomos pioneiros dende o punto de vista da descentralización) reflíctese neste orzamento con 5 novas prazas que consonte coa nova Lei permitirán unha organización máis eficaz e cercana ós problemas dos cidadáns.

Por outra banda, froito das negociacións cos sindicatos, das diferentes peticións dos departamentos e das necesidades que observamos do departamento de Persoal procedimos a crear 15 novas prazas que se consideran imprescindibles para mellorar o desenvolvemento da actividade municipal.

Por último, neste Capítulo I as dotacións retributivas foron actualizadas co 2% preceptivo en función da Lei de orzamentos xerais do Estado.

Polo que respecta ó Capítulo II, Gastos en bens correntes, como saben vostedes este é o Capítulo máis importante do Orzamento, acada aproximadamente 69 millóns de euros crecendo un 9% respecto ó ano anterior e supoñendo aproximadamente o 40% de toda a carga orzamentaria. Baixo estes epígrafes recóllense entroutros os custos dos distintos contratos relativos a prestacións de servizos, asumindo por suposto a súa actualización, así como o custo de novos contratos de recollida selectiva de lixo, mantemento da rede semaforica, mantemento de túneis e previsible ampliación doutros contratos de prestacións de servizos ós cidadáns.

Quero salientar no ámbito do Capítulo II de gastos a acusada redución, como dicía antes, que sufriron gastos improductivos que libraron recursos para os destinar a outras prestacións de servizos. Xa dixen que o Capítulo de produtividade se reduciu un 40%, o de Relacións Públicas aproximadamente a mesma cantidade, suscripcións a revistas e outros medios exactamente igual na mesma cantidade. Neste Capítulo figura igualmente a preceptiva dotación para facer fronte á acta de inspección do IVE.

No Capítulo III de gastos financeiros na miña opinión o que merece especial consideración é a redución do mesmo nun 21,1% coma consecuencia da redución paulatina que vimos observando no nivel de endebedamento municipal así como, por suposto, a favorable evolución dos tipos de interese. En calquera caso é necesario salientar que a 31 de decembro do ano pasado o endebedamento deste Concello superaba os 108 millóns de euros e polo tanto e na miña opinión non convén relaxamento para seguer con este obxectivo de redución da débeda.

No Capítulo IV de transferencias correntes a cantidade prevista para atender estas transferencias é aproximadamente de 17 millóns de euros e neste contexto as transferencias ós organismos autónomos creceron apreciablemente por riba da media xeral do orzamento coma consecuencia do incremento das dotacións para facer fronte ó dimensionamento do cadro de persoal tanto no IMD coma na Xerencia de Urbanismo.

O Capítulo VI de investimentos reais pola súa importancia merece na miña opinión unha análise máis detallada. Neste sentido, sen querer xerar polémica só quero constatar o feito certo que dos practicamente 18 millóns de euros consignados, cantidade moi similar á do ano pasado, a maior partida, en torno a un 40%, ten que ir destinada ó pagamento de compromisos municipais respecto a proxectos que foron realizados por Gobernos precedentes. Partidas coma a expropiación de Zamáns, a liquidación do

Verbum, a liquidación do Marco, liquidación do saneamento rural e algunhas outras acadan 7 millóns de euros que terán que ser pagados con cargo a este orzamento.

Sen embargo o proxecto que hoxe analizamos presenta varias iniciativas de especial interese para os cidadáns que permitirán avanzar cara ese Vigo que todos desexamos. Referímonos por exemplo ó tan desexado pazo de congresos do antigo edificio Casa Mar para cuxo desenvolvemento se consigna unha partida de 3 millóns de euros.

Así mesmo cabe salienta o claro compromiso deste Goberno co noso barrio histórico e por iso, entroutras actuacións, este orzamento presenta o investimento preciso para a rehabilitación do edificio Cambón, peza singular do Casco Vello que na nosa opinión debería acubillar ós máis importantes órganos de Goberno da nosa cidade.

Pero ademais o noso proxecto reflicte cuestións imprescindibles relativas á seguridade, reformas no Estadio de Balaídos, novos vehículos para Parque de Bombeiros e outros, dotación do Plan de Emerxencia, escaleira de emerxencia no edificio municipal e tamén elementos da propia organización municipal (semella que hoxe mesmo había algúns problemas cos ascensores e o seu cambio está consignado nos orzamentos). Melloras no alumeadado da cidade e no que chamamos ás veces rural, novos parques infantís, centros de día, reformas en equipamentos culturais, garderías infantís coma a da rúa Palencia para a que se recollen 140.000 euros, conforman o compromiso deste Goberno polo desenvolvemento da cidade e das persoas.

Por último é necesario salienta as actuacións planificadas en Alfonso X El Sabio, rúa Canceleiro, República Arxentina e rúa Redondela.

Con respecto ó Capítulo de gastos os corporativos, e coido que a cidade, saben que os Capítulos VII e VIII, transferencias de capital e activos financeiros, contemplan partidas de menor importancia e que de xeito conxunto case non acadan o 1% do orzamento.

Finalmente a Partida IX de gastos refírese a pasivos financeiros, falamos das cotas de amortización das diferentes operacións de préstamo a longo prazo que xa están consolidadas, o seu importe é exactamente de 18.800.000 euros e crece un 6,15% respecto ó ano pasado.

A outra pata do orzamento é por suposto a parte de ingresos. É lóxico e xa lles mencionei que o orzamento se presente cadrado, como non podía ser doutro xeito, e pódese ver que os ingresos acadan tamén 178.209.000 euros. Os ingresos correntes significan practicamente o 90% do total de ingresos.

Por outra banda, das operacións de capital unha parte corresponde a operacións de crédito -17.800.000€- e o resto a reintegros de préstamos ó persoal.

Así como o orzamento de gastos ten un contido xurídico concreto pois teñen que estar todos previstos dalgún xeito, o orzamento de ingresos é unha previsión dos recursos e polo tanto para coñecer esa previsión seguimos a práctica habitual de xestión e tomamos os seguintes criterios para definir eses ingresos: Primeiro, os dereitos económicos recoñecidos e liquidados no ano 2003, os estudos económicos realizados para a modificación de taxas e prezos públicos, os ingresos extraordinarios previstos pola Inspección de Ingresos e os servizos de xestión, o incremento do IPC para o ano 2004, previsións de actividade económica e as actualizacións realizadas nos orzamentos xerais ó valor catastral dos inmobles.

Tendo isto en conta podemos considerar que a información básica sobre ingresos é a seguinte: Por un lado, primeiro, os ingresos correntes significan practicamente un 90% do orzamento; deles o Capítulo I, Impostos directos, supón o 43%. Quizais a parte máis salientable e de máis interese é o imposto do IBI, imposto sobre bens inmobles cuxo importe é practicamente de 42 millóns de euros cun crecemento do 10,96% que se explica polas novas altas, polo cambio catastral previsto na Lei de orzamentos e de xeito singular pola entrada en vigor da ponencia parcial de valores.

O Capítulo II que se refire a impostos indirectos representa practicamente un 6% do capítulo de ingresos e quizais o dato máis salientable é o dos 6 millóns de euros que se recadan polo Imposto de Construcións, Instalacións e Obras que crece un 23% en base ós datos de licencias xa solicitadas durante o Exercicio 2003.

No Capítulo III de taxas e outros ingresos ten especial importancia a taxa de recollida de lixo que supón 22 millóns de euros. O crecemento desa taxa é mínimo, un 1,6% derivado unicamente das novas altas posto que, como sen dúbida lembran, as tarifas son idénticas ás do ano 2003.

A segunda partida en importancia do orzamento de ingresos é o Capítulo IV de Transferencias correntes doutras administracións cuxo importe é de 49 millóns de euros crecendo un 2%.

Os Capítulos V e VIII a penas teñen relevancia na parte de ingresos.

Con todo isto tentei darlles unhas pinceladas dos elementos básicos do documento orzamentario e só me queda lembrar unha frase que me expresaba un



profesor na Facultade que dicía “Todo o que obviamente maxinamos, ardentemente desexamos, sinceramente creamos e entusiastamente emprendemos, inevitablemente sucederá”. Espero que así sexa e que todos os Corporativos entendan que só existe un motivo polo que estamos aquí e ese non é outro que o de facer de Vigo a mellor cidade posible por riba de posicións sociais e partidistas, razón pola que lles pido a aprobación ó proxecto presentado.

SR. SOTO FERREIRO: Estamos diante dunha situación digamos que politicamente estraña neste Concello no que hai unha minoría que detenta o Goberno municipal e unha maioría que teoricamente non o quixo facer aínda que loxicamente sexan sempre as maiorías as que asumen os gobernos. Seguramente por iso as conclusións que se tiren do que eu vou dicir van ser diferentes do que deberan, pero déixenme dicir o que debera ser.

En primeiro lugar teño que felicitar ó Sr. Guerra por ese talante de diálogo do que el falou e que eu constatee que é certo, tentou o diálogo do mellor xeito posible e penso que pola nosa banda atopou interlocutores, non sei se os demais partidos fixeron o mesmo.

Déixeme comezar por lle dicir que se eu tivera que poñer a man no corazón á vista do que vostedes me presentan e independentemente, e iso téño que dicir moi claro, da competencia do Sr. Guerra que me semella alta, tería que lles dicir que eu votaría rotundamente que non a estes orzamentos e voules dicir por qué.

Cando falo entroutras cousas de que a competencia do Sr. Guerra me semella alta, naturalmente estou derivando a responsabilidade do conxunto do Goberno e da Sra. Alcaldesa, claro está e voules dicir por qué non me gusta este modelo.

Vostedes sementaron ventos que agora traen tempestades. Algúns dicíamos con absoluto exercicio da responsabilidade (imos facer gala diso unha vez máis) que o seu manexo da política impositiva era incorrecto e agora aquí teñen a realidade. Vostedes teñen unha especie de modelo orzamentario/político ou político/orzamentario que lles di ós cidadáns que son moi bos e que lles baixan os impostos, logo lles arreean cretos cos que os cidadáns imos ter que pagar os impostos que non nos poñen ó principio corrixidos con intereses posteriores. Ese é o seu modelo e é un modelo pouco rigoroso que eu condenei na política impositiva e que volvo condenar hoxe.

Ese modelo lévanos a que vostedes presenten un novo crédito (falo en pesetas para nos entender todos) de ó redor duns 3.000 millóns de pesetas, un incremento, tamén en números redondos, do 6,15% sobre o do ano pasado. Polo tanto na miña opinión o seu modelo de verdade está tocado de á.

Cando vostedes fixeron tan a gala que non querían subir o lixo, que se os impostos por un lado ou polo outro, é certo que hai unha cousa que non é estricte responsabilidade de vostedes coma Grupo municipal aínda que si coma partido, é que a retirada do IAE na miña opinión produciu perdas obxectivas dos ingresos dos Concellos. Esa foi unha decisión do PP da que teñen vostedes parte alicota pero non responsabilidade directa. Tamén dende logo que hai unha serie de débedas que veñen dende atrás que evidentemente lastran o presentamento destes orzamentos e vou dicir algo do que non voltarei falar porque no Capítulo I vou mirar para outro lado, dígollo así e non vou tocar máis este tema, aínda que se queren si o tocamos porque non vai ser nin por medo político nin por falla de rigor, pero hai cousas que aínda que teoricamente poden ser discutibles eu fago coma se non as mirara. Se teño que mirar para outro lado no Capítulo I, no Capítulo de ingresos que a min me semellan non rigorosos, si teño que felicitar ó Sr. Guerra (e felicítoo publicamente) por consignaren unha baixa en gastos (ós que eu sempre lles chamei supérfluos) importante, ó redor do 38%, pero absolutamente insuficiente.

Non me vou recatar de dicir que o Sr. Guerra me semella un magnífico profesional e se é así estou convencido de que profesionalmente el non faría estes orzamentos se tivera liberdade (perdón, é unha apreciación), porque estou seguro de que nin el, nin eu coma profesionais consignaríamos baixas de gastos supérfluos por un 38% senón coma mínimo polo dobre desa cifra porque segue habendo uns espantosos gastos supérfluos nas contas do Concello. É verdade que coma era un montante de tal calibre unha baixa tan importante do 38% que o é e non paro de loubar a actitude do Sr. Guerra neste Capítulo, realmente lévanos a unha insuficiencia do que teríamos que facer disto.

Hai insuficiencia no antedito e insuficiencia en ingresos. Déixenme que lles diga que a organización do Concello non é nin moito menos o que debera ser.

Vostedes aínda fan unha serie de aumentos e eu preguntolles o por qué dalgúns. ¿Por qué se incrementan os bono-bus lanzadeira nun 6,8%, por qué tan lonxe do IPC? É unha pregunta que non lle puider facer antes na análise

de última hora, Sr. Guerra, recoñezoo publicamente, pero lla fago agora logo desta fin de semana estudando e dándolle unha nova volta ós orzamentos.

Logo hai convenios que nos semellan desequilibrados, é dicir, xordos, Afán, Misioneros de Teis, Casa de Caridade, que na miña opinión son institucións magníficas nesta cidade, teñen un incremento de ó redor do 3% e Cruz Vermella ten un 30%. Supoño que teñen unha explicación que tampouco lles pedín pero que si lles pido agora.

Orzamentariamente máis cousas. Hai varios por todos os lados e ó final os varios van sumar o monto maior do orzamento porque en calquera empresa hai un Capítulo de varios pero un só e non mil. Realmente vostedes deixan aí unha apertura de "faremos o que nos pete", ou acaso de "non faremos nada", non o sei xulgar, díganmo vostedes. Realmente isto tampouco lles dá rigor ós orzamentos.

Logo hai algunhas cousas -non tantas- que eu non comparto. Díxenlle privadamente dende o primeiro momento e agora fágoo publicamente, Sra. Alcaldesa, o que coidaba sobre o edificio Cambón. Hoxe dígolles que non votaría o que vostedes propoñen que é unha partida duns cento sesenta e tantos millóns de pesetas, pero deberían dicir algo máis, é dicir, se realmente poñen a funcionar o edificio Cambón ¿con qué persoal o van facer? E polo tanto ¿con qué adición de gastos no Capítulo I?

Pero cando vostedes presentan todas estas cousas ou cando estas se engaden, ó final dá unha serie de xuízos xunto con outra -perdón- que me deixaba atrás e que non é pequena e é que os investimentos baixan ó redor dun 4,51%. Sen tratar dos desacreditar en ningún sentido, honestamente téñolles que dicir que ese cadro me dá un modelo que rotundamente non comparto, que eu, coa man no corazón, non votaría.

Con isto quero dicir algo que está moi claro e que tamén dixen en anteriores declaracións, é que politicamente teñen mal corpo nesta Corporación, que non son quen do poñer no seu sitio. En conciencia coido que estamos vivindo un disparate político tal que o que deberíamos facer é unha cousa e ó final o que temos o deber de conciencia de facer é outra.

O noso pequeno voto lamentablemente non é decisivo (outro galo cantaríalle á Corporación se o fose) pero aínda así imos actuar coma se o fose, con absoluto rigor e responsabilidade. Nós queremos que, unha de dúas, ou que a maioría asuma a responsabilidade de gobernar con todas as consecuencias que é o que por certo deberan facer e non fixeron por incapacidades das que

haberán de dar conta no seu día, ou realmente o que non se pode facer é non querer gobernar e non deixar gobernar.

Por ese criterio eu anúnciolles dous tipos de conceptos. Primeiro: "Condicionado a...", a cousas realmente non tan importantes. Sra. Alcaldesa, ten vostede e todos os Grupos cinco emendas que eu fixen e que realmente son de pouco monto no conxunto orzamentario porque aínda que son cinco, as que teñen movemento económico son catro, falo en números redondos, e significan da orde de 100 millóns de pesetas que nuns orzamentos coma estes non é como para se desesperar. Pero é para poñer acentos de axuda ó terceiro mundo, acentos coma para berrar de novo en defensa do pazo de Castrelos que está absolutamente abandonado, temos a historia da mellor cultura pictórica de Galiza abandonada de mala maneira. É un berro nese sentido coma un berro poden ser as outras partidas, por exemplo un berro noutra dirección: falo dun incremento de sesenta mil e pico euros, uns dez millóns de pesetas no Plan de emerxencias municipais. Propoñemos engadir para a supresión de barreiras arquitectónicas unha contía de 60 millóns de pesetas tamén en numeros redondos.

Por último hai unha emenda que non afecta ós orzamentos porque non produce nin aumentos nin baixas pero que fala de facer un regulamento de subvencións, regulamento que vimos pedindo dende hai anos para que todos os partidos políticos e todas as entidades que vaian participar recibindo ou tentando recibir subvencións teñan un lugar de encontro onde se poidan emitir dictames, dictames que naturalmente o Goberno municipal atenderá ou non coma é o seu dereito. En todo caso coidamos que a subvención non debe ter xa un tratamento escurantista porque a partir daí empezamos a pensar todos, querendo ou sen querer, en políticas clientelares, de amiguismo ou sabe Deus. Hai que lle meter dunha vez por todas luz e taquígrafos ó tema das subvencións independentemente de que xa hai unha Lei que pegou unha peneira de cambios que evidentemente estamos obrigados a cumprir.

Se vostedes aceptan esas cinco emendas das que, insisto novamente, unha delas non produce aumentos nin ingresos e as outras teñen un monto de 100 millóns de pesetas que propoñemos baixar. Eu non estou de acordo coas ideas que vostedes teñen sobre o edificio Cambón e vostedes consignan cento sesenta e tantos millóns de pesetas. Aínda así son tan respectuoso que non lles anulo a partida, quítolles cen millóns dos cento sesenta e oito para este ano para lles pedir que se cumpran esas emendas. De seren así dende logo que vostedes contan coa nosa abstención.

Si que poderían contar co noso voto a favor -iso si que non o escribín, comenteillo ó Sr. Guerra e agora dígoo in voce) se vostedes eliminan o endebedamento de 3.000 millóns de pesetas, consignan cun plan concreto, e estou disposto a axudalos coma estaba disposto a axudar ó anterior Goberno, unha política de ingresos rigorosos dotando de medios humanos e técnicos á Inspección de Tributos para que realmente isto se poida cumprir, díxeno noutras ocasións e volvo dicir que xa fixen esa política e sei o que é e os resultados que pode dar. Tamén é importantísima unha baixa en asistencias técnicas e nos gastos aínda supérfluos que hai aí.

Díxenlles xa que vostedes, e tamén na Corporación anterior, están facendo unha serie de asistencias técnicas que na miña opinión deberan ser resoltas co persoal funcionario do Concello.

Vou dar unha cifra que é estimativa e seguro que non é rigorosa. A min me dá a impresión de que o funcionariado deste Concello está funcionando a un ritmo de máis ou menos 30% da súa capacidade. Se é o 40 vale, se é o 27 tamén e se é o 48,2 tamén. Váleme calquera cifra pero para o dicir claro, están rendindo por debaixo da metade do que poderían dar e fanno porque non teñen unha dirección política axeitada; por aí terían moi boa resolución para moitas cousas porque hai moita xente capacitada neste Concello para moitas cousas e entre elas para as moitas asistencias técnicas que en troques vostedes non paran de contratar co exterior.

Se fan esta última operación orzamentaria de rigor eu votaríaalles a favor independentemente de que deixe de compartir cousas porque, claro que nuns orzamentos se poden facer cousas, pero xamais se comparten ou se deixan de compartir todas.

Anúnciolles por tanto, e depende da súa decisión, as dúas posicións que nós podemos tomar. A primeira é moi fácil: aceptar unhas emendas e nós sen mais nos abtemos, o que non quere dicir que non teñamos a nosa opinión porque tentamos (díxeno antes e dígoo novamente) non obstaculizar nin obstruír o labor do Goberno. Naturalmente que nos pode preguntar o Goberno que por qué pedimos o da moción, é porque realmente non obstruímos o que vostedes realmente queren facer e ó mesmo tempo poñemos o acento no tipo de políticas que queremos.

Ata aí, Sra. Alcadesa. Coido que neste tema coma Corporación (dígoo agora falando para o conxunto da Corporación) non dimos a medida que deberamos. Nin vostedes foron o áxiles que deberan presentando os orzamentos no seu momento, nin tampouco dende a oposición se lle prestou atención ó diálogo

que na miña opinión debera haber ó redor destes temas. Ogallá sexamos quen de nos poñer todos as pilas. Gracias.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sr. Guerra, permítame dicirlle que se neste proxecto de orzamentos están, non direi todos, senón parte dos seus sonos, realmente vostedes soñan pouco.

Presentan estes orzamentos mes e medio logo do que vostedes mesmos se comprometeran, pero é o pecado menor. Nós estaríamos dispostos a aceptar un retraso nos orzamentos, e de feito aceptámolo, se tivera un contido político, uns proxectos, unhas ideas, iniciativas, ambición por facer cidade, por propoñer cousas novas para a cidade, por resolver os problemas da cidade. Pero vostedes nos presentan un documento que levita, é tan etéreo que se produce unha levitación sobre as cabezas dos corporativos e corporativas desta Corporación. É un documento de tan pouco peso, de tan pouco contido político, incoloro, inodoro, insípido como pretenden vostedes presentalo así que case dá mágoa non o aprobar porque non fai dano, todo está cadrado e todos os Capítulos están perfectamente.

Nós, señores do Partido Popular, pensamos o contrario. Pensamos que esa virtude que vostedes seguramente lle outorgan a estes orzamentos para nós é un vicio. Estes orzamentos para nós non só non propoñen nada para esta cidade nun momento e nun contexto que estamos fartos de repetir e mesmo coincidimos todos os Grupos da Corporación, estáa ás portas de eventos tan importantes para Vigo coma o ano 2005. Cando deberan ser uns orzamentos expansivos, orzamentos con ambición e arriscados, convírtense nuns orzamentos restrictivos, pacatos, timoratos que semella que sinxelamente se presentan a aprobación para pagar as débedas, que son de trámite.

Nós pensamos que non son os orzamentos que precisa esta cidade. Ademais as solucións que vostedes dan non só non son tecnicamente boas, senón que ademais ó longo van supoñer un problema para a facenda municipal. Baixo esta aparencia de proposta de orzamento inocuo vostedes dan solucións que levarán ó longo á facenda municipal a un problema.

Coa dación de contas das contas xerais presentadas aquí xa hai algún tempo nós pensamos que o Goberno da Corporación anterior fixo un esforzo importante de saneamento da facenda municipal, esforzo que coido que foi recoñecido mesmo por vostedes, que ademais o din os números, esforzo que reduciu a débeda e permitiu e permitiría facer uns orzamentos máis ambiciosos ca estes. Co saneamento da facenda municipal non se xustifican

uns orzamentos tan curtos, non poden vostedes argumentar a curtidade de investimentos de gastos que por suposto que estamos de acordo en que se recorten gastos supérfluos, pero no que non estamos de acordo é en que non aumenten outro tipo de gastos que non sexan supérfluos. Non se pode argumentar isto coa excusa de que a facenda municipal está mal porque non o está. Vostedes herdán unha economía municipal mellor que a de hai uns anos e seguramente peor ca de dentro duns anos. O que cada Corporación ten que facer é mellorar o anterior e con estas solucións que presentan nos contidos dos orzamentos o que van vostedes facer é herdar unha facenda mellorada que van empiorar.

En segundo lugar, Sres. do Partido Popular, vostedes incumpren os compromisos adquiridos nesta Corporación diante de todos nós cando na aprobación das Ordenanzas fiscais vostedes dicían que aínda que houbera unha pequena redución de ingresos porque as taxas e impostos tiñan unha pequena baixada, que ían compensar esa redución de ingresos (pequena, dixérono vostedes que non nós) con investimentos doutras administracións. É dicir, dixeron que aínda que se perderan uns poucos de cartos que non nos preocupamos os corporativos porque ían negociar con outras administracións e ían traer aquí un conxunto de investimentos para a cidade. Ben, nós non lles pedimos que fixeran ese compromiso, foron vostedes os que dixeron iso.

Nós aquí non vemos que se substancien nos meses que levan de goberno os compromisos acadados doutras administracións. Como moito os que xa estaban e ningún máis que sexa productivo ou proveitoso para a cidade.

E abofé que nós lles tentamos botar unha man. Dixémoslles que hai un convenio de infraestructuras viarias coa CPTOPV que ten que ser dotado orzamentariamente de novo, renegociado e reprogramado porque os cartos que a CPTOPV tiña para ese convenio os pasou para o Plan Galicia e nós dixémosllo. Vostedes aprobaron unha moción, toda a Corporación aprobou unha moción para renegociar un novo convenio de infraestructuras viarias coa Consellería de Política Territorial, pero velaquí que en todos os meses que antecederon a este Pleno non coñecemos que haxa tal negociación, nin ó Pleno da Corporación se levou ningún documento de reprogramación; tampouco hai un reflectido orzamentario dese convenio. Nós dixemos que hai que facer un novo convenio coa Consellería de Medio Ambiente, con Augas de Galicia. Hai que rematar o saneamento da cidade pero ademais hai previsións de planeamento estratéxicas en materia de saneamento e abastecemento de augas.

É necesario un convenio con Augas de Galicia. En todas as Corporacións sempre houbo sucesivos convenios de abastecemento e saneamento dende o ano 88. Esta é a primeira Corporación que non ten ningún convenio. Vostedes diranme que acadaron o saneamento de Valladares e Zamáns pero parte del o pagamos nós por vez primeira.

Vostedes deberían estar continuando as negociacións iniciadas por nós na anterior Corporación para un novo convenio de infraestruturas deportivas entre Xunta, Deputación e Concellos que permitira abordar o Plan de Infraestruturas deportivas que a Conselleira do ramo xa ten dende hai un ano, pero nós non coñecemos ese convenio, nin coñecemos, nin albiscamos, nin sabemos, nin vemos e senon díganos en qué partida figura unha previsión para abordar eses acordos.

Na política de emprego municipal o fundamental é o cofinanciamento. Os Concellos non poden facer escolas-obradoiro se non hai un cofinanciamento autonómico e da lectura das partidas de emprego nós deducimos que vostedes non agardan máis financiamento da Consellería de Familia que o actual que é bastante pírrico. Tampouco coñecemos, non temos novas de ningún acordo nese sentido para fomentar os programas de emprego na nosa cidade a través do Concello.

Por suposto que vostedes me poden dicir que temos o convenio coa Zona Franca e aí si somos uns campeóns, pero é un convenio que no último Pleno era de cofinanciamento e de creación dunha empresa mixta para a construción de aparcadoiros en Vigo e convertíuse nun instrumento de financiamento de investimentos municipais "á alemana", porque o 100% dese convenio corre a cargo das arcas municipais, ben por unha modificación orzamentaria na que nós votamos en contra no último Pleno, ben contra o Capítulo de ingresos nos próximos anos por compensación. Mal xestionado, mal negociado e así a facenda municipal vai mal. Á parte, politicamente para nós é impresentable que se subvencione á Zona Franca para facer actuacións municipais e que ademais lles deamos palmiñas nas costas.

Polo tanto como segan asinando vostedes convenios imos apañados porque chegan a un acordo con Medioambiente e pagamos nós o saneamento, chegan a un acordo coa Zona Franca e pagamos nós o 100% do convenio. Case mellor lles pedimos que por favor non negocien nada máis, pero ademais é que negociaron o edificio Cambón e por suposto que temos que pagar nós a rehabilitación.



En troques nós por exemplo non coñecemos qué pasa co pazo de congresos. Si sabemos que está no plan de investimentos, por suposto, pero ¿por qué está esa cifra e non outra, o dobre, a metade ou o 45%? Supoño que vostedes terán datos pero polo menos nós non sabemos nada oficial do pazo de congresos dende hai meses. Vostedes nos comentan qué queren facer co edificio Cambón, prométennos presentar planos, convócanos a comisións, explícannos, dinnos e están dispostos a falar de todo o que sexa do edificio Cambón pero do pazo de congresos nós non sabemos nada; se vai haber un convenio interadministrativo para a súa realización, cal é o seu proxecto, cal é o volume total de investimento público e cal privado, qué parte dese investimento público lle corresponde ó Concello, se xa están os pregos para licitar. Miren, cando eu levaba esta área antes de que o Sr. Mariño me cesara tiñamos previsto que en febreiro teríamos o proxecto reformado, ter xa os pregos de condicións e preparada a licitación e os convenios para asinar entre as diferentes administracións que polo menos son tres. Nós non sabemos nada diso e seguramente vostedes poderanme dicir que vostedes o saben todo pero en todo caso non hai xustificación para que nese plan de investimentos haxa esa cantidade e non outra.

En definitiva, efectivamente os investimentos que figuran no plan de investimentos municipais hai unha porcentaxe deles que son compromisos doutras Corporacións, pero é que vostedes os meteron aí porque non teñen ningún compromiso. Neste plan de investimentos non sabemos qué compromisos adquiriron vostedes con outras administracións, si que colleron os que xa estaban doutras Corporacións pero non hai nada novo.

Se vostedes nos queren dicir que nós temos que aprobar este orzamento porque hai compromiso de gasto doutras Corporacións, que é un compromiso de toda a Corporación e non só do anterior Goberno, nós dámoslle outra solución para o financiar sen que iso implique o plan de investimentos municipal. Poderían vostedes buscar outro mecanismo que non gravar ó 40% do plan de investimentos municipal con obras de remate doutras Corporacións. Están vostedes agachando a súa carencia de xestión, a súa falla de ideas e a súa falla de iniciativa.

Alegrámonos moito de que o Capítulo I estea negociado, sinxelamente estránanos que a oferta pública de emprego non medre como o fixo polo menos nos últimos catro anos.

Satisfácenos moitísimo que vostedes reduzan gasto corrente no Capítulo II pero non entendemos por qué na Casa das Palabras hai cen millóns de pesetas

destinados a mantemento, seguridade e limpeza e só 5 para actividades. Aquí aprobamos mocións da Corporación nas que tiñamos que repensar cómo relanzamos unha dotación coma a da Casa ds Palabras, sen embargo a solución que vostedes dan vía orzamentaria e mantela coma está, con alguén que abra a porta, mantémola limpa e vixiada; así 5 millóns para actividades, está ben.

Pois nós pensamos que isto non é o que acordou a Corporación no seu momento sobre a Casa das Palabras e polo tanto o que se substancia do orzamento é unha filosofía totalmente contraria á nosa en política cultural.

Señores do Partido Popular, non hai nada novo en política de transportes, cero. Non hai nada novo en oferta de emprego, cero. Non hai nada de nada novo en reforzamento dos servizos municipais vía oferta de emprego público ou vía programas, cero. Cero máis cero máis cero supoño que será a base cero coa que vostede di que fixo o orzamento.

Non se contempla nin política de emprego interna ou externa, nin política social, nin dimensionamento dos servizos sociais, un anquilosamento progresivo dos programas culturais; non hai novas dotacións de barrios e parroquias. Hai cero de investimento en participación cidadá, non hai novos investimentos municipais e ademais vostedes só acadaron doutras administracións pagar o que lles corresponde a elas.

Comprenderán polo tanto por qué nós coidamos que estes orzamentos son regresivos, miopes, investimentos sen contido, sen proxectos nin ideas e que ademais, non queredría dicir isto porque non me gusta nin verbalizar voltar ó pasado, pero ó longo vostedes van levar a facenda municipal ó lugar onde a atopamos nós cun Goberno tamén do Partido Popular. Non aprenderon nada. Moitas grazas.

SRA. GRAÑA BARCIA: En primeiro lugar felicítalo pola súa intervención, Sr. Guerra, mágoa que grande parte do seu contido, da súa filosofía non se corresponda co proxecto presentado.

Tentaremos explicar e ata convecelos de que realmente vostedes non presentaron un orzamento. Existe unha definición na que case poderíamos dicir que coincidimos porque o orzamento non só é unha serie de operacións técnicas que se trasladan ano tras ano, senón que é moito máis, é o instrumento que con base nun proxecto político determina qué se vai facer na cidade. Polo tanto non é unha sinxela execución dunhas operacións matemáticas ou contables, é cada ano ese elemento político básico que rexe

o futuro da nosa cidade. Lamentablemente iso non está no proxecto que vostedes presentaron. Por tanto, se relacionamos esa definición na que basicamente coido que estamos de acordo, porque vostede tamén a trasladou na súa intervención, e o que presentaron lamentablemente chegamos á conclusión de que hai unha ausencia total dun obxectivo global, dun proxecto político.

Nos vindeiros meses a cidade non avanzará. O orzamento é iso, un elemento de e para facer política, pero co seu proxecto todo queda exactamente igual que está. É un proxecto sen iniciativa, sen maxinación, sinxelamente cubriron vostedes o expediente, nada máis.

Hai unha demostración en tres elementos básicos. Vostedes non elaboraron un orzamento base cero malia o seu compromiso e malia mesmo do manifestar nunha sesión deste Pleno. Ademais este orzamento, este proxecto correspóndese cunha realidade desganduxada, ausente dun fío conductor, xestiónase única e exclusivamente o ordinario.

Por último e o máis importante é que as auténticas prioridades cidadás non se incorporan a estes orzamentos, non están. Imos tentar explicar cada un destes aspectos.

¿Por qué dicimos que non hai un orzamento base cero? Porque este non é coller cada unha das partidas, estudiala, como vostede di, e trasladalas novamente a este proxecto. O orzamento base cero é partir da situación que un cre que debe existir, é dende unha estrexia de xestión política cuestionarse cada un dos servizos, cada unha das actividades e cada un dos custos relacionados con elas.

Este orzamento é exclusivamente unha fuxida cara adiante, non ten máis. Ninguén se fixo preguntas sobre o que existe e dende logo ninguén deu respostas sobre o necesario. Non aporta nada e ademais despreza as limitacións graves que suporá para o futuro aprobar un proxecto destas características.

Sinceiramente, Sr. Guerra, para isto ó mellor é continuar nunha situación de prórroga de orzamentos.

Falabamos dunha realidade desganduxada e carente de fío conductor e, ¿por qué? Porque se xestiona o ordinario, porque unha vez que un supera a barreira dos números é imposible porque non existe atopar un sentido, unha finalidade, un mínimo criterio de planificación; o cómo, o por qué, o para qué non existe, sinxelamente non está.

Por último, a maioría das necesidades cidadás, os elementos nos que todos estamos de acordo porque todos falamos de cultura, de dotacións deportivas e sociais, de mellora e adecentamento das zonas urbanas, pero iso nos orzamentos non está.

Pero curiosamente si hai un gasto de 880.000 euros destinados ós servizos de Alcaldía, servizos innecesarios que case rozan o boato.

Marxínanse os barrios e marxínanse porque non están. Non existe participación cidadá na elaboración deste orzamento, non se consultou, non se tivo en conta. Os distritos orzamentariamente non existen.

Estas tres ideas materialízanse tamén en cada unha desas grandes áreas técnicas que conforman o orzamento e en primeiro lugar falaremos do endebedamento.

O endebedamento é unha medida que por si non é positiva nin negativa, a pregunta e a resposta está na necesidade ou non da adopción desa medida e no estudo das súas consecuencias. Neste caso o endebedamento está directamente relacionado cos investimentos e eses investimentos previstos ¿son necesarios? ¿fíxose unha priorización deles? ¿hai outras vías de financiamento? Ninguén se fixo esas preguntas e ninguén as contestou porque o endebedamento en absoluto deu resposta a necesidades existentes en materias coma instalacións deportivas, mellora e adecentamento de zonas públicas, e dende logo non se buscou outra vía de financiamento que non sexa o endebedamento, non hai outra.

Efectivamente podemos relacionar o endebedamento con investimentos porque curiosamente, malia o endebedamento, os investimentos son escasos ata o límite da súa redución nun 4,51% respecto ó ano 2003. Sen embargo as necesidades prioritarias non foron asumidas, sumado todo iso a que a suposta capacidade de xestión e captación de fondos doutras administracións non se víu, sinxelamente non está.

Recóllese unha herdanza existente e sen embargo non se é quen de ofrecer propostas agás (reiteramos) a da innecesaria sede da Alcaldía. Aí comezan e rematan as súas propostas.

Se pasamos ó Capítulo de gastos aínda ninguén dixo que existe un incremento do 10% no Capítulo de gastos, aínda ninguén de nós atreveuse a dicilo e é moi superior ó incremento dos ingresos.

Ninguén se preguntou, Sr. Guerra, que se vai facer cos grandes contratos municipais porque todos sabemos que o Capítulo de gastos basicamente se circunscribe a grandes contratos municipais e estamos falando da limpeza,

da recollida do lixo, dos colectores... ¿qué seguimento teñen vostedes previsto para eses grandes contratos? Porque nin hai un proxecto de mellora de servizos, nin de análises e mellora de custos, sinxelamente non existe nada. Existe un incremento do 10% malia mesmo desa redución, que é certa, en gastos de publicidade e protocolo que tamén declaramos totalmente insuficiente, pódese reducir moito máis.

No Capítulo de gastos hai un segundo elemento que absorbe parte dos mesmos, efectivamente, é o Capítulo I e aí tamén nos temos que facer moitas preguntas. Felicitamos a súa capacidade de chegaren a un acordo, pero ¿quen non é quen de chegaren a un acordo cunha consignación orzamentaria de 400.000 euros que non se sabe a qué se van destinar porque única e exclusivamente aparece un título: "Adecuación de postos de traballo" e unha contía? Non existe o máis mínimo soporte documental para saber cal é a súa política en materia de persoal neste Concello.

Por último no Capítulo de ingresos vostedes xa coñecen cal é a nosa política nesta materia, quedou plenamente reflectida no debate sobre a aprobación das ordenanzas fiscais. Ademais queremos sinalar que aínda que aparece coma unha partida incrementada respecto ó ano pasado, isto non é máis cunha confusión e efectivamente vostede recoñéceo. Aquí do que estamos a falar é de que se produce un incremento non porque vostedes seguiran unha política de adecuación do custo do servizo, nada máis alonxado desa realidade, senón porque se producen unha serie de acontecementos externos nos que vostedes non interviron que efectivamente melloran en certa medida a mesma, coma pode ser o incremento de valores catastrais ou ben a ampliación da ponencia de valores no suposto do IBI.

Chegaron vostedes ó extremo da conxelación da taxa do lixo, unha taxa que xa parte dun déficit endémico e á que se lle engade ademais o incremento neste ano do contrato con Sogama e coido que non é necesario lles lembrar aquí cal foi o seu voto.

Isto non se acerca a boas prácticas de goberno. Ademais lles debo lembrar que si contaban nese caso co noso voto favorable para manter unha política de ingresos municipais axeitada á realidade deste Concello.

A mensaxe de redución de carga fiscal neste caso e noutros moitos é un "doce canto de sereas" que se ben lles produce unha inmediata rendabilidade política, abre de xeito inexorable o camiño do raquitismo orzamentario, da insolidariedade, do deficiente servizo e, dende logo e como se comproba neste caso, do endebedamento incrementando as nosas cargas financeiras e

conducíndonos a curto prazo cara un quebranto que esixirá maiores subidas de impostos e de taxas e unha redución da nosa capacidade investidora. Son vostedes irresponsables nesta medida.

Entendemos que os tributos se convertiran na sombra negra dos políticos obviando mesmo a súa relevancia para acadar a autonomía financeira real á que debe aspirar calquera goberno local, pero lles lembramos que contaban vostedes co noso apoio para manter a actualización das taxas neste Concello.

Con todo iso e como adiantamos voltamos situármonos no punto de partida ¿e cal é ese punto de partida? Vostedes non presentaron un orzamento, vostedes cubriron un expediente única e exclusivamente o 24 de maio, hoxe, nada máis. Hai unha ausencia total de obxectivo global. O proxecto que vostedes presentan non só non achega luz sobre o proxecto político que quere o Goberno, senón que demostra a inexistencia do mesmo quedándose exclusivamente nun instrumento formal sen contido, sen compromisos.

Por todo iso débémolles manifestar que a política de perda de ingresos, xa demostrada na tramitación das ordenanzas fiscais, vinculada ó incremento do endebedamento e ó incremento do gasto, previsiblemente orixinará a curto prazo unha grave perda na capacidade investidora, xa deficiente, deste Concello.

Por último, o proxecto de orzamentos 2004 non permite afirmar que se vaia producir ningún cambio cualitativo na cidade, todo queda coma está.

Por todo o antedito e lamentándoo profundamente, anticipámolle o noso voto en contra ó seu "non orzamento".

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Sr. Soto, moitas gracias por confiar na miña capacidade, espero poderlla demostrar ó longo deste tempo. Vou tentar contestar ós grandes temas, quizáis sobre os temas máis pequenos falaremos posteriormente ou se agora mesmo lle podo contestar así o farei.

Sobre o tema de organización dos ingresos o Sr. Soto comentaba que el considera que a política de ingresos nesta Casa é manifestamente mellorable. É certo que ó longo das conversas que tivemos o Sr. Soto me formulou esa necesidade.

Nós coidamos que dentro dos servizos de ingresos desta Casa estamos acadando uns niveis de recadación moi importantes, como todos saben estes niveis son moi elevados. Vostede mencionou algunha vez que é posible que aínda haxa bolsas de recadación que se poden cubrir.

Tendo en conta estes argumentos vostede pode ver que neste orzamento se considera o reforzamento na cantidade de efectivos que ten a inspección municipal coidando que mesmo se pode facer algo máis nese sentido e polo tanto á hora da redacción do orzamento xa tivemos en conta a súa aportación.

Sobre o tema da redución de gastos non directamente productivos tamén me alegro que recoñeza que no orzamento hai este esforzo.

Sr. Soto, vostede di que se pode reducir máis e xustamente sempre se pode reducir máis pero son case 200 millóns de pesetas no primeiro exercicio e coido que efectivamente aínda queda que facer nese sentido pero estamos no bo camiño. Dende logo son da opinión que a mellora da produtividade do gasto é unha das prioridades que nós nos presentaremos durante a presente lexislatura e continuaremos nesa liña mentres esteamos nas responsabilidades de goberno.

Por outra banda e seguindo cos grandes temas, outro é o tema de varios. Vostede di que hai moitos varios, eu dígolle que de compararen cos varios do anterior orzamento se pode comprobar que estes se reduciron apreciablemente; a cantidade de varios é moi reducida neste orzamento e isto pódese comprobar e se analizan polo miúdo as partidas comprobará a redución neste sentido.

Sobre a baixada do investimento, e coido que este é en xeral un argumento de todos os Grupos, estamos tratando no orzamento de cadrar a roda cadrada. É dicir, por unha banda dise que imos asumir un maior grao de endebedamento, por outra dise que os niveis de investimento se reduciron con respecto ó ano precedente. É algo que non cadra, é dicir, se temos o mesmo nivel de endebedamento que o ano pasado, os investimentos baixaron minimamente porque é un axuste e se queremos nos endebedar máis, obviamente os investimentos poden ser maiores. Pero é que nós non nos queremos endebedar máis, non queremos chegar a máis límite de endebedamento porque este é o límite máximo. Neste orzamento o Goberno municipal foi ó límite máximo de endebedamento posible dentro das limitacións que as leis e as normas establecen. Polo tanto querer incrementar o investimento e á vez reducir o endebedamento é algo complicado e dificilmente explicable (quizais logo o explique máis polo miúdo).

Sobre as emendas que vostede nos presenta, eu tiven a oportunidade de velas de xeito moi breve pero nun principio nós coidamos que son axeitadas e estamos considerando a posibilidade de asumilas no noso orzamento. Só

comentar que o que se refire ó Plan de emerxencias vostede xa o presentara no anterior Pleno e nós comprometímonos a metelo no orzamento. Está o Plan de emerxencias así coma unha asesoría técnica para que unha empresa realice o estudo, está consignado coma un gasto para dous anos e é mesmo superior ó que significaba ese orzamento pero non temos inconveniente en o asumir nunha cantidade superior, na cantidade que vostede menciona, dentro dos orzamentos. Todo iso é para acadar a súa abstención e imos dar un paso máis para acadar o seu voto favorable.

Sr. Soto, vostede falaba do endebedamento e quizáis vou contestar en xeral sobre este tema porque vostedes acusan ó orzamento de seren continuista e non aportaren nada novo. A min ese argumento chámame moito a atención porque eu non teño experiencia política pero lles garanto que orzamentaría a teño e moita. Non sei cantos orzamentos tiveron que facer vostedes pero eu os teño que facer continuamente por propia supervivencia profesional e empresarial e sucede que para poder ter creatividade nun orzamento, para lles poder sorprender a vostedes e ter unha magnífica creatividade, o que hai que ter é marxe de manobra. Vostedes saben tan ben coma min e seguramente algún de vostedes que foi alcalde sabe mellor, que a marxe de manobra nos orzamentos municipais é moi reducida, tan é así que eu podo afirmar que practicamente o 80% dos gastos correntes que están neste orzamento son gastos consolidados, ríxidos, imposibles de manexar, non se pode facer nada con eles porque son gastos consolidados. Polo tanto queda moi pouca marxe de manobra.

Eu preocupeime de estudar bastante polo miúdo a evolución das partidas funcionais de gasto nos últimos tempos e dende o ano 1992 a porcentaxe de división dos gastos por función a penas cambiou e iso é porque no orzamento os gastos consolidados crecen á mesma velocidade que o orzamento de ingresos e polo tanto a marxe de manobra sempre é a mesma. Polo tanto eu non lles podo sorprender con grandes suxestións porque teño moi pouca marxe de manobra. Esa é a realidade das cousas.

Eu estudei na facultade e lembro moi ben ó meu profesor, Sr. Corbacho, que dicía que as fontes de financiamento municipais non son suficientes e iso é así, é certo e eu vívoo agora en carne propia pero é unha discusión que non podemos ter agora aínda que quizais poidamos facer forza conxuntamente. A discusión neste momento é a dos gastos libres; ter un orzamento máis creativo e máis ó gusto dos Grupos da oposición é bastante imposible.



Xa non quero falar do Capítulo de investimentos, e ven isto a colación polo dito polo Sr. Soto sobre os 18 millóns de euros de endebedamento porque ¿cómo podemos seren creativos cun Capítulo de investimentos no que 7 millóns dos 18, é dicir o 40%, non dependen da nosa propia creatividade senón da dun goberno anterior? ¿qué grao de creatividade podemos ter nós? En todo caso o único que podemos facer, Sr. Castrillo, é asumir ese crédito. Nós temos que asumir ese gasto, non podemos ter unha política na que deixemos sen pagar ós provedores, é absolutamente imposible, é algo que polo menos a min me faría estar nese mundo etéreo que vostede comentaba porque non entendo cómo é posible dicir que nós non debemos levar no orzamento (é unha suposición) ese gasto.

Polo tanto a creatividade se limita a iso, ó 20% do gasto corrente e ó 60% dos investimentos, esa é a creatividade en verbas chairas, esas son as nosas posibilidades dentro deste orzamento, á parte de que en todo caso eu non estou empeñado en convencer, sobre todo o Grupo socialista e ó Grupo do BNG, de que este orzamento non é continuista porque cando se me presenta este tipo de argumento podo dicir que se é continuista é o seu orzamento e polo tanto espero ter o seu voto favorable. Pero non, temos o 80% de gastos comprometidos, o 40% de investimento comprometido e o orzamento non é o que lles satisfai ós señores dos partidos da oposición.

Sr. Soto, con respecto ás asistencias técnicas e á dirección política do persoal, eu tomei coma prioridade de meu o tema de persoal deste Concello. Dende o pouco tempo que levo e dende a pouca experiencia na política municipal escoitei unha especie de lugar común que di que aquí non hai nada que facer, os funcionarios están desmotivados e, como vostede di, hai inmovilismo no cadro de persoal. Fronte a iso se poden facer dúas cousas, unha dicir que é moi complicado e difícil e pensar de non facer nada porque total a situación é de moito tempo. A segundo cousa é asumir o problema e facer unha cousa que a vostedes que se denominan progresistas lles gusta e é cambiar o paso. Iso é o que fixemos. Puxémonos coa representación sindical deste municipio a falar da organización e da estrutura de persoal desta Casa. Tivemos infinidade de reunións para precisamente poder chegar a ter esa dirección política porque antes de poder ter unha dirección política nalgo hai que estruturar axeitadamente os recursos, e para iso os libros din que hai que ter en conta os determinantes desa xestión; un dos determinantes que temos nesta Casa é o persoal e o Comité de Empresa. Por iso puxémonos antes de nada a organizar a Casa, a discutir cos

representantes dos traballadores qué temos que poñer en orde, chegar a un acordo con eles e a partir daí poderemos establecer políticas de xestión de persoal das que, entroutras cousas, síntome especialista.

Sobre o tema da dirección política garántolle que unha vez que poñamos en orde a Casa non teremos problema en darlle esa dirección política ó persoal.

Sobre o momento de presentación do orzamento eu xa comentei que efectivamente se tivera que voltar empezar o proceso algunhas partes non as faría igual, estou totalmente seguro.

Teño unha certa inexperiencia política e pensaba que isto do consenso e do diálogo era realmente posible pero me din conta ó longo de todo este tempo que cada quen ten os seus propios intereses e polo tanto tentar forzar o diálogo de alguén que non quere é absolutamente imposible. Por iso se retrasaron os orzamentos ata este momento porque, como os servizos técnicos poden dar fe, a parte estrutural do orzamento estaba preparada dende hai tempo, só estábamos esperando a que vostedes achegaran as propostas que coidaran convenientes para mellorar e para facer máis creativo este orzamento.

Sr. Castrillo, o de orzamento pouco creativo é un argumento que me ven coma anel ó dedo. Xa lle expliquei que a maioría dos gastos están comprometidos e entón o que fixemos é tentar buscar aqueles, Sra. Graña, non en base cero porque un orzamento en base cero é outra cousa, pero tentamos ir un por un revisando todos os gastos para liberar recursos, para poder incrementar os gastos e así poder seren máis creativos en canto ó Capítulo de servizos ós cidadáns.

En canto ó incumprimento dos compromisos adquiridos, mire vostede, eu síntome moi orgulloso de estar neste Goberno municipal e, como lle dixen antes, ningún Concello, nin este, nin o de Madrid, nin o de Barcelona ou o da Coruña ten por si só capacidade para cumprir determinados obxectivos, para iso hai que ter liderazgo e facer de catalizador para cubrir eses obxectivos. Eu coido que non hai ninguén coma D<sup>a</sup> Corina Porro para demostrar o que foi quen de facer en cinco meses.

Síntoo pero lles vou ter que ler os logros enteiros: Asinamos un protocolo coa Consellería para a solución dos problemas da Depuradora: 2.263.000 euros. Investimento estimado para centros de saúde da Consellería de Sanidade: 5.400.000 euros. 2.811.000 euros da Consellería de Medio Ambiente. 2.550.000 euros de fondos europeos. 15.380.000 euros, o Concello

cede chan para a construción de 384 vivendas de promoción pública en San Paio de Navia. Convenio para rehabilitación de 120 vivendas no Casco Vello e Casco histórico de Bouzas: 2.120.000 euros da IGVS. O Ministerio de Medioambiente acondiciona o bordo litoral de Alcabre que era unha senda peatonal e no Lagares rehabilitará un bordo marítimo: 6.000.000 euros. O Concello pon ó dispor da Xunta un terreo para unha nova gardería municipal cun acordo por importe de 480.000 euros. O Concello, a Consellería de Política Territorial e Zona Franca mercarán e rehabilitarán vivendas e locais comerciais no Casco Vello cun investimento de 30 millóns de euros. O Concello e a Consellería de Emigración poñen en marcha unha oficina para emigrantes e inmigrantes retornados por 122.000 euros. O Concello e a Deputación provincial asinan un convenio para a mellora da pavimentación de beirarrúas e alumeados en parroquias de Valladares, Lavadores, Beade, Bembrive e Matamá cun investimento da Deputación provincial de 1.500.000 euros. Ademais a Deputación investirá en Bembrive 405.000 euros. O Concello e a Deputación provincial a semana pasada asinaron un convenio para rehabilitación da rodadura de importantes rúas do centro urbano, o investimento é de 2.000.000 euros. O total é practicamente de 11.000.000 euros que se acadaron nestes cinco meses. Seguramente é fácil dicilo pero é moito máis difícil facelo.

En calquera caso debo dicir que todas esas partidas só poden ser consignadas cando realmente se produzan e por iso non teñen a consignación orzamentaria pero iso non quere dicir que non estea asinado o convenio, quere dicir que por lei non se pode meter no orzamento e aquí está a Sra. Interventora para non me deixar errar. Polo tanto o tema de que incumprimos os compromisos adquiridos non o podo aceptar.

En canto ós compromisos de cartos endebedados, encantaríame saber cal é o xeito de pagar eses 7 millóns de euros que se adebedan sen que vaian con cargo á partida de endebedamento nestes orzamentos, estaría encantado de escoitalo, seguramente estudaríamolo con moitísimo cariño e quedarían liberados 7 millóns de euros para poder entre todos ter máis creatividade e poder cubrir outro tipo de investimentos, en todo caso descoñezoo neste momento.

Perdón, antes dixen que os investimentos acadados eran de 11 millóns de euros e non, son 11.000 millóns de pesetas, perdón polo erro.

Sobre os orzamentos regresivos dicir que cómo é posible que un orzamento sexa regresivo e creza, non o entendo. O orzamento crece un 4,75% e é

regresivo, e ademais imos a máis endebedamento. Isto é coma a roda cadrada, o mundo ó revés. ¿Cómo pode ser un orzamento regresivo se está crescendo? Vostedes recoñecen que crece un 4,75%; paréceme unha verba moi baleira porque vostede comenta iso dicindo que non hai incrementos en educación, por exemplo, pois se quere lle vou lendo qué incrementos houbo partida a partida porque iso soa moi rimbombante, coido que esa é unha verba oca e queda moi ben cara á galería.

Realmente os orzamentos non son regresivos, hai algunha partida de gasto que se reduce e outra se incrementa, pero dende logo que me preocupei, preocupámonos dende o Goberno pero eu lles podo dar os datos nos temas sociais, deportivo e cultural. Todas as partidas coma suma subiron, nuns casos descenderon e noutros subiron porque houbo unha serie de axuste pero a partida en si mesma non baixou e polo tanto o orzamento non é regresivo. Regresivo sería, na miña opinión, seguir mantendo 600 millóns de pesetas de crecemento na publicidade, ter unha serie de gastos completamente supérfluos sen os considerar e sen os reducir; así si que sería regresivo.

Falan de levar a facenda municipal onde a atopamos. Realmente eu espero non deixar a facenda municipal ó meu próximo sucesor, se vale a expresión, cunhas débedas de 7 millóns para que só tenga un investimento de 11 millóns, ou co 80% dos gastos correntes completamente consolidados. Non sei a que se refiren. É dicir, os 18 millóns de investimento son exactamente o límite que marca a lei pero é practicamente porque hai axustes, vostedes están falando dunha realización de investimentos de 4,5% que se debe a axustes, é un axuste meramente técnico e ese axuste é exactamente igual ó que este Concello amortiza. Si, Sr. Castrillo, é exactamente igual e como seguramente vostede non me cre a min, logo, se vostede quere, léolle o informe de Intervención; é exactamente igual, esa cantidade é a mesma. Se non non sei coma nos endebedamos máis porque se amortizamos o mesmo no que nos endebedamos non nos estamos endebedando máis e polo tanto caso de houber proximamente un sucesor pode estar tranquilo porque a facenda municipal quedará mesmo mellor do que recibimos.

Efectivamente hai 100 millóns para mantemento da Casa das Palabras, pero o que non di é canto había para isto. Se vostede quere coas partidas miraremos que reducimos dun xeito moi apreciable o gasto e non o investimento. A maioría destes contratos de mantemento son contratos e por iso non podemos facer nada, entón o que fixemos foi reducir aqueles gastos que coidamos que se podían reducir e non temos máis marxe de manobra.

Como do edificio Cambón xa sabemos a súas opinións, a nosa opinión é que o casco histórico da nosa cidade é un elemento importantísimo e que o casco vello ten que ser reformado, rehabilitado e témoslle que dar vida e daí a idea da nosa Alcaldesa de levar as institucións alí.

Vostedes estiveron falando do pazo de congresos pero sobre concretar ou sobre a realidade non dixeron nada. Neste momento está pendente a desafectación dos terreos, como vostede sabe, e agora imos proceder á licitación.

O que fixemos foi gardar uns cartos, un importe duns 3 millóns de euros que é a cantidade que vai consignada, para os gastos que o Concello teña que asumir porque todos temos claro que o pazo de congresos é unha necesidade desta cidade.

Sra. Graña, o tema de que o orzamento é continuista xa o comentei. Sobre o que é un orzamento base cero dicirlle que coñezo perfectamente o que é e nin siquera nel se parte da análise de partida a partida, ese non é un orzamento de base cero pero politicamente se fala de que iso é un orzamento de base cero. Pódolle dar a miña palabra de que absolutamente todas as partidas orzamentarias, unha por unha, foron vistas e revistas por min directamente e diso poden dar fe todas as persoas que me acompañaron en todo este proceso. Foron vistas e unha vez que foron analizadas, as que eran prescindibles se tentou prescindir delas. Logo obviamente hai opinións e discusións políticas de por onde teñen que ir unhas partidas e outras, pero se revisaron unha a unha. Poden estar tranquilos os cidadáns a ese respecto.

Sobre que é unha realidade desganduxada, dicir que o orzamento parte da mesma realidade que había, é absolutamente certo, e o único que fai é corrixila dentro das marxes de manobra que nós temos nestes momentos.

Tamén falábame do endebedamento. O endebedamento consignado neste orzamento vai directamente a investimento, como vostede ben sabe porque o mirou, e efectivamente ten unha redución con respecto ó ano pasado do 4,5%, polo tanto o endebedamento non pode crecer porque se o ano pasado era un e agora nós estamos no mesmo ou nun pouco menos o endebedamento non pode crecer. Pero isto o fixemos para ter uns poucos de cartos para poder facer un certo investimento. Polo tanto con respecto ó que di vostede sobre a herdanza que imos deixar... Xa expliquei con anterioridade o que opino sobre a herdanza. Con respecto os gastos xa mencionei eu de viva voz na presentación que o Capítulo II de gastos se incrementa o 10%. Como vostede sabe ben aí van

considerados todos os contratos deste municipio, as súas actualizacións e os novos contratos que se teñen que realizar. Por suposto que temos que gardar os cartos para eses contratos, é evidente e polo tanto é obvio que esta parte de gastos creza aínda que, insisto, se reduciron apreciablemente todos os gastos supérfluos.

Sobre o Capítulo I agradézolle moito que me felicite por chegar a un acordo e garántolle que ese fondo de 400.000 euros é precisamente parte dun compromiso e dunha valentía por quererem asumir un problema. Vostede sabe tan ben coma min porque mo comentou cando comezou o noso goberno, que hai problemas dentro do cadro de persoal en canto a organización de salarios, eses problemas existen e están causando desilusións e malos entendidos dentro do persoal e por iso creamos ese fondo. Sabemos que ese fondo non pode seren destinado a un crecemento liñal dos salarios, sabémolo perfectamente pero se trata de estudar co Comité de persoal desta casa as disfunciones máis importantes e as que poidamos cubrir e non ter o argumento tan recorrido de que o hai que deixar para o vindeiro orzamento porque neste non hai cartos. Non queremos facer iso, sabemos que hai un problema e polo tanto e como lle explicaba ó Sr. Soto, porque queremos poñer as bases para ter unha boa política de persoal, asumimos ese compromiso.

En canto ó tema de ingresos lembro unha conversa co meu querido profesor, Sr. Barros, que cando falabamos das taxas falábame sobre política fiscal. ¿Sabe vostede? Os Concellos de política fiscal saben máis ben pouco. Temos moi pouca capacidade, sábeo perfectamente. En todo caso nós coma principio si pensamos que dentro de garantir os recursos necesarios para a vida do Concello é bo que se reduza a presión fiscal, pero iso non ten nada que ver con xerar máis déficit como demostramos neste orzamento e vostedes poden comprobar. Polo tanto de responsabilidade en tema fiscal, en absoluto.

Espero ter contestado de xeito máis ou menos xenérico a todos os argumentos porque son moitos e só me queda por dicir que sinceramente o argumento que máis me chamou a atención foi o de que foramos a un maior grao de endebedamento.

Vostedes comentaron (por iso lles felicitei) e eu tamén comentei neste Pleno que a política de endebedamento foi positiva nos últimos anos, o nivel de endebedamento reduciuse e nós queremos seguer na mesma liña, por iso non fomos a un maior grao de endebedamento e por iso non é certo que a facenda estea en peores condicións que antes unha vez aprobado o orzamento.

Nada máis pola miña parte.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar gracias, Sr. Guerra, por demostraren novamente que é unha persoa con talante de diálogo e que ademais é quen de facer modificacións para que o diálogo froitifique. Pero dito o anterior déixeme facer unha reflexión moi breve a vostede e ó conxunto da Corporación.

Antes dixen que no tema do Capítulo I vou mirar cara ó tendido. Coido que a Sra. Graña tocou este tema sinalando e non mirando cara ó tendido e como sinala eu déixolles unha pregunta: ¿é legal facer esa consignación? É unha dúbida que honestamente teño. Se teño que falar sobre a dúbida ista está inclinada cara un sitio pero o imos deixar en dúbida e pregunto ¿é legal facer esa consignación orzamentaria para “xa veremos” no Capítulo I? E se o “xa veremos” significa diferencias de función, lémbrolles a todos que cunha impopularidade tremenda este Concelleiro dixo no seu día o que ia pasar co tratamento que xa se lle quixo dar a este mesmo asunto e volvo sacar profecías semellantes, pero estaría disposto a votalo se me din os técnicos desta Casa, Secretaría Xeral-Intervención, que iso é legal porque para min é dubidoso.

O diálogo co persoal desta Casa ten que ser todo o fondo que sexa pero ten que partir de bases de rigor, gusten ou non porque ás veces non gustan, pero hai que partir daí.

Eu aplaudo o anunciado que ven a recoñecer implicitamente (e así foi pola Sra. Graña e mesmo por min) o tema de que a baixa en gastos supérfluos é mellorable. Vostede anúnciao dicindo que é unha operación de choque e non é unha mala operación de choque baixar un 30%, díxeno antes, dígoo agora e penso teimar e seguer nesta dirección. A verdade que non é o que a min me gustaría que fixeran xa pero polo menos é unha esperanza de que ese aspecto ten que mellorar.

Tamén vostedes fixeron xestións, dito en xeral, estimables. Díxen publicamente xa hai tempo que a Sra. Alcadesa fixera unha serie de xestos e é que cando se chega á Alcaldía vemos xestos pero o problema é confirmar logo os xestos con actos. Os xestos estaban moi ben e todas esas relacións que vostedes dan de pequenas grandes cousas, porque son pequenas orzamentariamente pero resolven serios problemas cidadáns, eu felicitoos por iso pero déixenme dicir, e coincido co Sr. Castrillo niso, que coido que a súa xestión é moi deficiente neste campo de relación coas outras

administracións. Téñolle que dicir que me sinto defraudado de que non tiveran unha capacidade de diálogo como para incidir noutro tipo de temas coma o saneamento integral de Vigo.

Si dígolles que "chapeau" polo tema da Depuradora e sobre todo cando remate, pero perdoen pero non podemos quedar dando chimpos de alegría durante toda a vida porque acadamos 2 millóns de euros para arranxar a Depuradora. O tema do saneamento de Vigo clama ó ceo porque seguemos contaminando a ría sen parar e para aí non hai solucións.

Tamén podería haber convenios con Educación para bolsas, comedores, etc., que eu non vexo e que me gustaría ver, ou en tantos e tantos capítulos que non lle vou dicir. Vostedes poden manifestamente mellorar a xestión fundamentalmente coa Xunta de Galiza e tamén naturalmente co Goberno de España. Sería presumible que teñan agora máis dificultades, ogallá que ningunha pero que ó mellor poidan ter algunha máis ca antes para xestionar co Goberno de España e pódese entender, pero á Xunta de Galiza hai que lle esixir todas as responsabilidades na xestión, absolutamente todas, porque aí non son doutro partido, son súas coma partido.

Eu, Sra. Alcaldesa, esíxolle, presiónoa e pídlle que se intensifique a súa xestión coa Xunta de Galiza para obter investimentos. Colla a ringleira, chame a voceiros, faga como lle pete pero presente qué investimentos precisa Vigo a curto, medio e longo prazo, e aí coincido absolutamente co voceiro do BNG porque coido que este aspecto da xestión é absolutamente mellorable.

Resumindo moito, témolo todos enriba da mesa e debúxanse os vimbios cos que podemos facer o cesto, e dicir, coido que sería intolerable e dígo mirando ós compañeiros das bancadas de enfronte, non quero pensar que poida haber este tipo de política, non quero pensar que a política vaia ser non só de non e rematou, senón de a ver que inventamos para dicir que non; que vostedes os compartan ou lles gusten ou non é outra cousa pero vostedes tamén teñen que facer un esforzo e ter un talante.

Dígolles a todos que os que non estamos no Goberno nin debemos obstaculizar a posibilidade de que o Goberno traballe e desenvolva a súa actuación diaria, porque evidentemente os prexudicados de que non haxa un bo grao de gobernabilidade son os vigueses, se se deixan de facer moitas cousas que se deberían facer os prexudicados son os vigueses, non debemos caer nese tema. Pero vostedes sabendo que son unha minoría teñen que estar absolutamente abertos a suxestións alleas para poder chegaren a un acordo. Ogallá iso se



traduza en capacidade de xestión coas outras administracións, en rigorizar dalgún xeito máis o gasto e, se me apura recollendo a súa intervención que tamén me semella razoable, facer un programa a catro mirando os gastos anuais e mesmo anticipando un compromiso de cómo reducir o gasto "supérfluo" para os vindeiros anos.

Que quede claro que eu creo na súa palabra pero entenda tamén que os Grupos políticos non se conformen só con palabras. Agora ben, se fixeramos unha política de compromiso para sacar os orzamentos entre todos sería unha boa cousa para o Concello de Vigo e tamén o sería que ademais diso foramos quen de lle dar unha volta á política de ingresos tal e como lle dixen que ademais é perfectamente posible.

Antes dixen algo de pasada e dame igual que haxa sorrisos, pero cando dixen que estaba disposto a colaborar con vostedes e que empecei a o facer xa e estou disposto a o facer máis no sentido de aconsellar, explicarlles, etc., pero que quede claro que non era oferta de ningún outro tipo en ningún sentido, que quede claro.

Insisto en que eu quero ter a esperanza de dúas cousas. A realidade é que hoxe non se van aprobar os orzamentos agás milagre porque o anunciado polo Bloque e polo Partido Socialista así o anticipa. Naturalmente que contan en base ó que antes lles comentei coa nosa abstención e ogallá que sobre esa abstención se poidan tender pontes de futuro para que todos cheguemos a un acordo.

Pero vostedes teñen que aprender unha lección, permítanme que llo diga porque non son eu quen para lles dar leccións en ningún sentido pero llas está dando a realidade. O Partido Popular ten que aprender unha lección moi dura porque non se pode facer a demagogia que fixeron no tema dos impostos para nos vir agora con estes orzamentos chorando por todos os lados porque non teñen con qué enfrontar o gasto que vostedes mesmos queren enfrontar.

Polo tanto tamén digo que ten que haber un debuxo no próximo, lle toque a quen sexa o goberno, a vostedes ou a outros, dá igual porque aquí hai indeterminacións que sempre planean sobre a cabeza de todos, pois razón de máis para que tentemos entre todos debuxar catro liñas mestras orzamentarias para que estea quen estea no goberno se cumpran. Así por exemplo saber qué facemos en política impositiva, en recadación ou qué nos semellan gastos superfluos e cómo se poden rebaixar, se podemos rebaixar o tema das asistencias técnicas facendo que o Concello funcione mellor.

É certo o da motivación pero esa lección tamén a sei porque tamén a vivin e algúns compañeiros que están aquí tamén a viviron comigo. É perfectamente posible e non tan difícil motivar ó persoal desta Casa, o que hai que facer é se poñer as pilas e poñerse ó fronte da motivación. Non digo que sexa fácil porque moitos funcionarios levan moitos anos de desánimo, pero é perfectamente posible. Pero terán que recoñecer que era moitísimo máis difícil notificar ás xentes que viñan máis ou menos dunha situación de absoluta dictadura e era un cambio a un sistema democrático e fíxose, polo tanto sei do que falo. Poñámonos todos as pilas.

Polas intervencións dicir que agás unha milagre isto non vai, se acaece un milagre mellor que mellor pero non solventaría os problemas de fondo que teñen estes orzamentos. Se non é así lles pido a todos que nos sentemos inmediatamente a negociar a solución dos orzamentos.

A min non me vale a política que semella valer a algúns membros do Partido Popular e doutros partidos da prórroga orzamentaria porque coido que é mala para Vigo e a min non me vale nada así aínda que sexa ou non bo para o Goberno actual.

Se teñen a intención de traballar realmente en políticas orzamentarias que obxectivamente beneficien ós vigueses aí quedalles a nosa man para facer políticas dese tipo.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Coido que temos diferente concepto do que é o diálogo, un diálogo orzamentario. Vostedes entenderon este diálogo como "aquí teñen os orzamentos en branco e díganos vostedes o que queren que nós llo poñemos". Iso non é diálogo, é facer un orzamento á carta nun goberno de coalición, ou de salvación, ou de concentración, pero esa non é a situación. A situación é que vostedes, señores do Partido Popular, gobernan Vigo e ademais se presentaron ás eleccións municipais, entendo eu, con vocación, ganas e obxectivos de gobernar Vigo e cun programa. Por tanto, primeiro, non nos poden dicir que a oposición lles faga os orzamentos e logo dicir que ademais estes non poden facer máis porque están limitados pola historia que evidentemente iso xa o sabemos todos, é de manual.

Cando se aborda un diálogo faise sobre unha proposta de quen ten a iniciativa do diálogo. Se vostedes queren dialogar uns orzamentos xa lles dixen reiteradamente que os presentasen e vostedes saben tan ben coma min que os orzamentos completos, con todos os seus capítulos e informes no los presentaron hai unha semana pero ademais non contiñan ningunha das súas

propostas. Entón imos ver se nos clarexamos sobre o diálogo porque vostedes xa non só nos orzamentos, senón en todo, en troques de gobernar están facendo comisións que, como dicía Napoleón, xa se sabe para qué serven as comisións. Polo tanto vostedes están abocando ó goberno da cidade a unha parálise absoluta por falla de iniciativa e queren que ademais a oposición lles resolva a falla de iniciativa que vostedes non teñen ou agachan.

Para nós o diálogo faise sobre propostas políticas concretas que nós poderemos contradicir e vostedes contradicir as nosas alternativas e mesmo facer ó revés e da síntese nace un consenso. Pero nós non entendemos o consenso nesta tesitura coma unha especie de "menage a quatre" no que imos todos a unha mesa e todos apuntamos. Iso non é o consenso, non é o que agardamos dun goberno que ten que gobernar e que durante os seus primeiros cen días nós amosamos unha actitude francamente constructiva.

Sr. Guerra, hai cousas que eu dixen e ás que vostede non me contestou, fixo unha contestación xenérica e gustaríame concretar os aspectos da miña intervención anterior, que queden clariños para que vostede non conteste ás nosas posicións con posicións xenéricas á Corporación.

En primeiro lugar sobre os investimentos. Vostede acaba de ler un escrito que é sinxelamente un relatorio de titulares de xornais ata o punto de que case os di literalmente. Pasáronlle un informe do resume dos dossiers de prensa e vostede vai e nolos conta. Pero unha cousa é anunciar e outra que figuren.

Xa sabemos que a reforma do centro de saúde da rúa Cuba non significa investimento en novos centros de saúde, a ver se nos entendemos, é un compromiso da Consellería de Sanidade dende hai anos, non nos digan que iso é investimento en novos centros de saúde. ¿Qué novo centro de saúde ten previsto no seu mandato a Consellería de Sanidade que vostedes se queren apuntar? Non me veñan contar a propaganda do Sr. Cochón que xa a coñezo, non apunten iso, iso téñeno que borrar.

Repito de novo que de convenios de medio ambiente non hai nada. Aquí case todos os alcaldes asinaron cos respectivos conselleiros convenios en materia de infraestruturas e saneamento e vostedes non. Os únicos saneamentos que acadaron estaban apalabrados por outro goberno e acadáranos pagando vostedes e iso é cargar sobre as arcas e sobre a facenda municipal. Por iso nós dicimos que están gravando a facenda municipal. Mal feito porque están substituíndo con cartos municipais compromisos doutras administracións. Iso

grava a facenda municipal, hoxe non pero mañá si e pasado tamén e ademais este non é o único caso.

O convenio do Casco Vello xa foi protocolarizado na anterior Corporación. Non nos digan do de Navia porque nós sabemos moito, sabemos quen deu cara adiante a urbanización. Das praias de Alcabre e da Guía estamos cheos de falar, agora nos gustaría saber se vostedes saben a data concreta na que o Ministerio de Medioambiente vai licitar as obras, ou se vostedes teñen os proxectos porque nós non.

Repítolle novamente sobre o pazo de congresos (créanme que sei do que falo) que a estas alturas tería que haber un convenio a tres bandas, un prego de condicións para a licitación ou a Corporación tiña que ter coñecemento do proxecto porque senón dubido moito que porque vostedes o orzamenten, ese orzamento sexa consumido no investimento do pazo de congresos e logo a finais de ano non nos veñan cunha modificación orzamentaria sobre o orzamentado para o pazo de congresos (porque non se fai) para outra cousa. Non me digan que hai algo concreto para o pazo de congresos. Esa comisión vostedes non a crearon, crearon moitísimas pero desa ningunha.

¿Quere que lle diga a fórmula para que non haxa tanta carga no plan de investimento de obras acordadas por unanimidade na anterior Corporación e que fallan por rematar? Pois mire, con cargo ós remanentes de tesourería cos que vostedes orzamentan o plan Vigo-2005 que é o seu auténtico plan de investimentos municipais e que rouban, sustraen do debate orzamentario, é dicir, teñen un plan de investimentos municipal que vale 9.000.000 de euros, que vai executar a Zona Franca vía subvención de 3.000.000 de euros máis 6.000.000 euros por compensación, que grava os ingresos municipais por valor de 6.000.000 de euros que non van cobrar as vindeiras corporacións.

No primeiro convenio con Zona Franca se comprometía esta a pagar eses 6.000.000 de euros e agora os imos pagar nós por compensación, que quere dicir que aquelas obras, licencias e cartos que teña que lle aportar a Zona Franca ó Concello nos próximos anos por valor de 6.000.000 de euros, o Concello non vai recibir e iso carga a facenda municipal, non hoxe pero si mañá e pasado, por iso vostedes descompensan o futuro da facenda municipal e ademais meten subrepticamente 9.000.000 euros nun plan municipal de investimentos para o 2005 que é de todo menos do 2005, substráeno do debate orzamentario e ademais crean unha comisión para dicir que se vai facer pero se están facendo obras con cargo a ese convenio que non aprobou ningún

membro desa comisión. Así vostedes con eses cartos están facendo cousas que nin siquera coñece esa comisión encargada de decidir qué obras se fan.

Para nós iso é substraer dun debate orzamentario a carne e deixarnos o oso e o oso nolo comemos todos cunha modificación de orzamentos con cargo a remanente líquido de Tesourería que vostedes poderían facer hai un mes en troques de financiar unha subvención para a Zona Franca que nos grava.

Esa sería a nosa fórmula. Nós colleríamos e cando menos parte dos recoñecementos que habería que ter irían con cargo a esa modificación orzamentaria, cargaríanse todos pero si liberaría dos orzamentos o plan de investimentos para que vostedes nos presentaran realmente un plan de investimentos no que, por exemplo, figurara o plan de Coia que iniciamos no anterior goberno de coalición desta Corporación e que vostedes fixeron desaparecer, ou sexa que nin siquera vai todo o do anterior goberno senón o que vostedes deciden.

Eu non dixen que isto fora continuista, esa é a súa idea, vostedes están empeñados en dicir que isto é continuista porque así si o temos que votar. Eu non falei de continuismo para nada, falamos de, dentro do plan de investimentos ou dentro de calquera partida orzamentaria, cal é a nova idea ou proxecto, cal é o novo coello que vostedes sacan do chapeu e din que é o seu programa coma Partido Popular e, miren, o único que hai é o edificio Cambón e nada máis.

Nós non criticabamos nin o plan de investimentos nin os orzamentos por seren ou non continuistas porque xa sabemos que hai unha parte do orzamento que é rixida, non nos conte vostede algo que é de libro. Dentro da marxe de manobra que teñen, que xa digo que limitaron máis do debido precisamente por incluír cousas que podían excluír do orzamento e financiar doutro xeito, nesa marxe de manobra dígnanos qué novos proxectos ten o Goberno do Partido Popular para a cidade porque o único que hai é o famoso edificio Cambón. Pois nós lles dicimos que non, que podemos discutir a idoneidade do edificio Cambón, podemos decidir que xeito lle damos a iso e para qué pode server, pero se vostedes nos din que a novidade dos investimentos é o edificio Cambón para sede da Alcaldía, nós dicímoslles que non é que sexan continuistas, e menos mal porque se chegan ter un orzamento de base cero... Terán cero de orzamento porque teñen cero de propostas, de ideas e de xestións con outras administracións.

Si comentei eu que o orzamento é regresivo pero non me estaba referindo a cuestións técnicas, Sr. Guerra, que teño que recoñecer e felicitalo porque

vostede tecnicamente o fai ben. Pero é regresivo porque non medra, non hai oferta de emprego público.

A min paréceme moi ben que vostede falara cos sindicatos pero eu digo que o Concello de Vigo precisa asistentes sociais para dimensionar as Unidades Básicas de Atención Social e para mellorar a atención social deste Concello, é un déficit que percibimos dende hai anos e que tentamos remediar no posible. Nós pensamos que ten que haber un crecemento en prestacións sociais, non só en programas senón en funcionarios que presten o seu servizo en atención social, progresivo nos vindeiros anos. Non figura ningunha oferta de emprego público nin ningunha praza nova de asistente social.

Vostede dime que subiron nos colexios. Por suposto que si pero ¿sabe por qué? Porque cargaron contra as arcas municipais o que nós solventamos nun convenio cunha entidade financeira privada. Parte do financiamento dos comedores escolares nós facíámolo mediante convenio cunha entidade financeira privada porque o noso obxectivo era buscar recursos públicos e privados para complementar o orzamento municipal e vostedes como non son quen, non teñen ideas, non saben, non poden ou non queren chegar a eses acordos nin coas administracións públicas, nin con entidades privadas, solventan esa capacidade máis dunha vez cos cartos municipais e iso ó longo carga a facenda municipal; e van tres.

Nós non dicimos que non haxa que manter os contratos fixos da Casa das Palabras aínda que algún poderíamos revisar. Nós estamos dispostos a reducir o que se precise, pero o que nos sorprende é que haxa tan pouca cantidade para actividades como é a de 5 millóns. Sorpréndenos logo dun debate onde esta Corporación unánimemente dixo que había que relanzar esa dotación, que era importante e que había que lle meter programas e vostedes só lle meten 5 millóns de pesetas.

Iso é o que nos sorprende e entón nós dicimos que en gasto social cero e o pouco que fan é substituíndo iniciativas de buscar recursos doutras administracións ou privados con cargos ás arcas municipais e cargan á facenda municipal porque o próximo goberno que veña cando sexa se vai atopar que cando queira negociar un convenio cunha entidade privada para subvencionar os comedores escolares diraselle que xa está incluído nos orzamentos municipais. É un xeito moi cómodo de arranxar un orzamento que por suposto, e como non podía ser doutro xeito, está absolutamente cadrado.

Señores do Partido Popular, nós sempre estamos por chegar a acordos pero en primeiro lugar ten que haber unha metodoloxía de consenso diferente. En segundo lugar, vostedes teñen que poñer proxectos enriba da mesa. En terceiro lugar, nós coidamos que vostedes substitúen o Plan de investimentos desta cidade por un financiamento -repito de novo- similar ó que poderíamos dicir un modelo alemán: alguén constrúe e adianta o financiamento logo vai con cargo ás arcas municipais. Vostedes meten 9 millóns de euros nun Plan de investimentos municipais descoñecido pola Corporación e do que xa están gastando cartos, que ademais está fóra do orzamento, que as corporacións e gobernos seguintes van pagar o erro político que cometeron ó asinar ese último convenio coa Zona Franca onde se subvenciona á Zona Franca para que execute obras que nin siquiera imos contratar nós, vanna executar e contratar eles e ademais con cargo a uns remanentes de Tesourería cos que vostedes, en troques de financiar novos proxectos e metelos no orzamento, fano con cargo ó futuro.

Por iso dicimos que si van deixar hipotecado, non no aspecto da débeda, pero si con menor marxe de manobra, un orzamento máis ríxido do que vostedes herdaron. Esa é a razón da nosa oposición.

SRA. GRAÑA BARCIA: As respostas e as preguntas débese facer e contestar vostede. Este é o orzamento que presenta o Partido Popular neste momento no goberno da cidade. Non pode pretender que as preguntas as fagamos nós e as respostas tamén llas deamos nós. Coido que existe unha pequena confusión porque negociar non pode levar implícita unha deixación total e niso é no que vostedes incorreron. É a súa responsabilidade presentar un orzamento consonte cun proxecto político, o que teñan, por tanto o eixo do problema son vostedes. Presenten un orzamento.

De todos os xeitos quixera reiterarlle tamén a miña felicitación no aspecto persoal, Sr. Guerra, porque realmente resolveu con dignidade o difícil reto de defender con corrección formal e mesmo con ganas as graves carencias políticas que o PP nos presenta coma o seu proxecto de cidade. Pero a nosa visión non é persoal nin o debe ser. Debe ser analítica e crítica diante dunha proposta política que é para o que fomos elixidos. Como lamentablemente iso non existe e non foron quen do presentar, reiteramos o noso voto en contra.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Sr. Soto, en canto as bases de rigor no traballo co persoal, dicirlle que este é un informe de Intervención sobre os 400.000 euros: "Incorpóranse a este Capítulo de gastos de persoal distintas dotacións para facer fronte á creación dos órganos que contempla a Lei de modernización así coma unha dotación específica de 400.000 euros para facer fronte á adecuación de postos de traballo. Esta dotación para facer fronte a estas modificacións na relación do cadro de persoal non supón inicialmente ningunha vulneración da lexislación vixente pero en ningún caso pode supoñer unha modificación xeralizada dos postos de traballo nin unha distribución liñal do devandito fondo". ¿De acordo?

Iso é así exctamente. Xa lle expliquei que hai algunhas diferencias dentro do cadro de persoal e iso é o que estudaremos con bastante detalle.

Sr. Pérez Castrillo, dicía Napoleón que algo vai mal nun goberno onde as palabras contradin ós feitos. Pois o orzamento entregouse completo digamos que oficialmente na comisión do pasado mércores. O xoves pola mañá o BNG fixo unha rolda de prensa anunciando a negativa ó orzamento. Unha vez presentado o orzamento completo non tivemos nin a máis mínima oportunidade para ter un diálogo con vostedes, en absoluto, non é que nos fallaran as gañas senón que non tivemos nin tempo porque vostedes inmediatamente logo de lles presentar o orzamento e mesmo na comisión eu mencionei que se querían estudar o orzamento con máis detalle ou querían facer algún tipo de suxestión non teríamos inconveniente en non fixar o Pleno para este luns senón para outra data, pero inmediatamente o xoves presentouse nunha rolda de prensa o non por resposta. Esa é a verdade das cousas.

Hai máis de dous meses que entreguei a documentación, non completa dende o punto de vista formal pero só coa falla do Capítulo I de persoal, o resto da documentación estaba presentada xa hai máis de dous meses coma é testemuña toda a cidade e os medios de comunicación porque tiñan os datos igual que vostedes. Lembro perfectamente moita información que saíu nun medio de comunicación sobre o orzamento unha vez que eu entregara certa documentación.

Non coido que nós teñamos falla de iniciativa, temos só dez votos e si temos que negociar con vostedes, somos conscentes diso e pretendímolos dende o primeiro momento e tentámolo ata o último momento. Por iso sinxelamente partiamos dunha primeira proposta e queríamos falar con vostedes, pero vostedes din que non presentamos orzamento. Eu o que non vexo é ningunha alternativa. Eu presentei un orzamento que pode ser bo, malo, regular,



quizais mellorable, estou seguro que si, pero vostedes non presentaron alternativa e non nos deron a oportunidade de discutir alternativas.

En honra da verdade só houbo unha persoa en nome dun Grupo, o Sr. Soto, que se sentou, que falamos e por iso metimos dentro do orzamento algún dos cambios que el mencionou con bo criterio e aceptamos algunhas das propostas que nos dixo. Os demais nin un só comentario, cero.

Por iso ás veces eu lle contesto xenéricamente, Sr. Pérez Castrillo, loxicamente eu teño menos experiencia que vostede, por suposto que si, pero tamén porque eu teño a sensación de que a resposta que lle dea lle vai dar exactamente igual porque se non ¿por qué anuncian con tanta antelación un voto? Non temos nin tempo para poder cambiar o que vostedes quixerían no orzamento e daí a contestación xenérica.

En todo caso preparei moitos documentos e ese dos convenios é un máis e o que di é que hai 11.000 millóns de euros consignados e acordados con outras administracións. Non teño aquí o dato desgraciadamente pero me gustaría lembrar canto conseguiron vostedes mesmo nas mesmas condicións cas do noso Goberno e en concreto da Sra. Alcaldesa.

Xa discutimos o tema de Vigo-2005. Coido que este Goberno non substraíu ningún debate ó Pleno pero o que non entendo moi ben é que se vostede o califica coma investimento ¿qué quere dicir, hai ou non investimentos, en qué quedamos? Se o discutimos xa coido que é un tema que vai fóra do orzamento e se vostede o considera dentro do orzamento aí hai uns investimentos que coido que todo o mundo considera que, ben sexan pagados dun ou doutro xeito, son imprescindibles para esta cidade.

Pero si lle quero contestar a un tema técnico porque coido que é importante: a rotura do equilibrio orzamentario. Tamén para ter o debido rigor vou ler un documento da Intervención municipal que di: "En canto ó cumprimento do previsto no artigo da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, a modificación orzamentaria que se tramite para dar cobertura ós compromisos, financiada con remanente líquido de Tesourería para os gastos xerais, xerará un desequilibrio xa que o orzamento de gastos se incrementa no Capítulo VII mentres que o Estado de ingresos faino no Capítulo VIII (e vostedes saben que ten que haber equilibrio entre as dos partidas). En consecuencia o sumatorio dos Capítulos I ó VII, orzamento de gastos, é superior ó sumatorio dos Capítulos I ó VII do estado de ingresos".

Pero é que logo hai outro parágrafo onde se di: "Non obstante o antedito o orzamento prorrogado do ano 2003 para o 2004, aprobado por resolución de Alcaldía do 30 de decembro, ten un superávit inicial derivado da aplicación do artigo 21 (que agora explicarei) de 20 millóns de euros". É o orzamento e é daí de onde se saca o financiamento e polo tanto non hai rotura de equilibrio orzamentario.

Para entendérmonos, existe un superávit orzamentario porque o orzamento do ano 2004 está prorrogado e hai partidas do orzamento do 2003 que polas súas propias características non se poden prorrogar e por iso hai un superávit de 20 millóns de euros que se destinou do seguinte xeito: 15 millóns de euros para remanentes de gastos de gobernos anteriores, 2 millóns de euros obras de Urzáiz e 3 millóns de euros para o 2005, é dicir, non hai rotura de equilibrio orzamentario.

Outra cousa é que vostede me pregunte se o xeito de financiamento dese convenio é o máis óptimo; obviamente non é o máis óptimo. Gustaríanos que houbera unha sociedade pero dado que non é posible este é o único xeito de financiar e ademais lle quero dar o dato de que as taxas e impostos que a Zona Franca ingresa neste Concello son de aproximadamente 600 euros ó ano, iso é o que vai custar ese financiamento porque o facemos con cargo a esa compensación, son 100 millóns ó ano pero Vigo-2005 está feito dende este momento.

En canto o que di de orzamento regresivo, eu teño por aquí a lista de investimentos pero non quero insistir porque xa lles dixen os que están comprometidos: expropiación de Zamáns, pagamentos de terreos da auga de Saiáns, convenio de retaxa do pazo de exposicións, saneamento rural, etc. Pero hai moitas outras pequenas partidas, quizais pequenas para vostedes pero seguramente importantes para os cidadáns que se vexan beneficiados que están consignadas no orzamento e voulle ler algunhas: Urbanización das rúas Alfonso X El Sabio 73.000€, Canceleiro 160.000€, República Argentina 73.000€, Rosalía de Castro 134.000€, Redondela 178.000€; por me referir a rúas, digamos temas máis concretos. Hai infinidade ata exactamente 18 millóns de euros.

Probablemente vostede esquece que temos o pazo de congresos porque di que o único que presentamos é o edificio Cambón, pois non, lémbrolle que hai 3 millóns de euros para o pazo de congresos. Hai un gasto rixido porque hai unha auditoría en Balaídos e seguramente vostede pensa igual ca min, que

aínda que esteamos en segunda división o Estadio ten que ser seguro e temos que facer ese investimento de 1.500.000 euros.

Logo hai eses pequenos pero relevantes investimentos para cubrir as necesidades mesmo desta Casa que non foron cubertas dende hai moito tempo como a escaleira de emerxencia que se consignaba nos orzamentos pero non se cumpría, os ascensores que son 50 millóns de pesetas e que se levaba tempo dicindo que os había que cambiar pero ninguén o facía. Todo iso está comprometido neste orzamento e polo tanto o de regresivo é unha palabra que queda ben dentro da literatura máis progresista pero coido que non é acertada.

En relación coa oferta pública de emprego dígolles que é certo que o ano pasado houbo máis oferta pública ca este ano pero en todo caso aquí hai quince prazas máis cinco que veñen determinadas pola Lei de grandes cidades. Lémbrolles que o custo das 5 prazas derivadas da Lei é máis elevado, pero si hai un grande esforzo feito conxuntamente entre o Goberno e os sindicatos por reestructurar o cadro de persoal na medida do posible e hai un esforzo de preto de 600.000 euros para iso.

O do financiamento dos comedores escolares por unha entidade privada dígolles sinceramente que non coñezo o tema pero segundo as persoas máis antigas do lugar e que o coñecen, indícanme que aí hai un peno truco (dígoo cariñosamente) no sentido de que iso foi un acordo do Sr. Príncipe para facer unha negociación con Caixanova para que esta entidade participara no Marco. Polo tanto iso non ten absolutamente nada que ver co que presentaba. Sra. Graña, en canto á negociación dos orzamentos repítole novamente que eu estiven con vostede en reiteradas ocasións, transmitílle información e estiven ó seu dispor para calquera suxestión que se me quixera realizar pero o que notei e sentín foi que non houbo alternativa nin proposta con actitude positiva para poder incluír nos nosos orzamentos.

Dito todo isto xa o único que quero comentar é que polo que vexo obviamente a cidade seguerá cun orzamento prorrogado (de non se dar o milagre que o Sr. Soto espera e eu tamén), pero os principais prexudicados, e é algo no que vostedes deben pensar, son os provedores do Concello que terán que esperar a outra boa oportunidade para cobrar as súas cantidades, pensen en todos os intereses que teremos que pagar e a paralización que vostedes comentan nesta cidade, con este orzamento non se paralizaría nada pero se non hai orzamento obviamente non poderemos facer ningún tipo de investimento e vostedes tamén terán responsabilidade sobre iso.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sen ánimo de continuar a polémica e entendendo que o Sr. Guerra se quere me pode contestar, pero por un par de alusións á xestión da Corporación anterior me gustaría dar algún dato.

En primeiro lugar, a data do Pleno ponna o Goberno e púxose logo da comisión informativa, polo tanto non nos digan nada a nós porque foron vostedes os que decidiron que este Pleno se realizara hoxe.

En segundo lugar, vostede fala de que acadaron 11 millóns de euros pero resulta que o convenio do Casco Vello, o pazo de congresos e as praias de Alcabre estaban xa falados e, a parte do Casco Vello que aí si recoñezo que vostedes concretaron o investimento e está ben orzamentado, o resto que tiñan que facer é concretar o orzamento municipal e non o fixeron, caso de que houbera.

Eu non digo que a anterior Corporación non poidera xestionar máis recursos alleos públicos ou privados dos que xestionou, pero dos que xestionou orzamenten vostedes algúns que non son quen de continuar xestionando. Fíxense que ata o investimento da Deputación en asfaltado de rúas do urbano foi motivado por unha moción do Grupo provincial do BNG ós orzamentos da Deputación, que por certo rexeitouse e logo introducido nunha modificación orzamentaria. Ata nós lle tivemos que dar esa idea, fíxense que ata nós lles xestionamos "excitando ó órgano competente", como dicía D. Jacinto Lareo, dende a oposición para que a Deputación orzamentara o asfaltado de rúas do urbano.

Entón, primeiro non nos digan por comparación que vostedes xestionaron máis porque aínda non é certo, ogallá xestionan vostedes máis ca anterior Corporación o que será benvido para a cidade, pero nestes momentos non é certo porque xestionaron un pouco do que iniciamos na anterior Corporación e outras cousas coma o pazo de congresos desgraciadamente están paradas e créanme que aplaudiríamos entusiasticamente que non fose así porque sería bo para a cidade.

En canto á oferta de emprego pública falar que hai 15 prazas máis 5 pola Lei de modernización das grandes cidades, é as que se queiran crear. Imos dar por sentado que esas se teñen que crear pero hai outras que se teñen que crear por necesidade da cidade e non por lei, pola lei de ferro da necesidade social de atención.

Por último dicir que non poñan na miña boca cuestións que non dixen ou mellor dito, non me conteste cun argumento técnico irreprochable xa que eu

non dixen que houbera desequilibrio orzamentario. Eu dixen algo tan sinxelo como "durante os próximos 6 anos se restarán dos ingresos do Concello 6 millóns de euros do convenio Vigo-2005". Se vostede di que a ratio son 600.000 euros por ano que ingresa a Zona Franca, quere dicir que durante 10 anos as corporacións vindeiras verán minguados os seus ingresos en 6 millóns de euros prevendo que as actuacións da Zona Franca se mantiveran, cousa que dubido dados os convenios que hai en marcha. Polo tanto a repercusión será a máis curto prazo e entón menos asumible dende o punto de vista dos ingresos.

En canto á cuestión dos convenios coido que está moi ben que lle boten a culpa a todo, pero que sexa a un ex concelleiro me semella excesivo.

Nós coidamos, e ese é un elemento central da nosa crítica, que vostedes teñen un plan de investimentos que o financiaron cun convenio coa Zona Franca e que nolo restan do debate cargando sobre corporacións vindeiras o que nos semella algo perverso e se a vostedes tampouco lles gusta a fórmula de Vigo-2005 o que tiñan que facer era non a asinar e incluír esa cantidade nos orzamentos municipais.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Vou tentar dicir no meu mellor galego aquilo de "o falar non ten cancelas". Vostede mesmo dicía que os convenios están falados, pois de falados a concretados hai unha diferenza bastante importante.

Eu clarexeille o tema da descompensación orzamentaria porque notei, literalmente, que segundo vostede había unha descompensación orzamentaria pero exactamente iso é o que é e lémbrolle que non é a primeira vez que se fai un convenio dese estilo senón que hai outros semellantes ó longo da historia municipal e hoxe mesmo vai á Xunta de Goberno Local un pagamento polo convenio do túnel de Isaac Peral que é unha historia similar.

Sobre o tema da oferta de emprego dicir que considerarei a opinión que vostede me deu sobre o tema de Acción Social, pero logo de valorar todas as prioridades que me presentaron todos os servizos xunto co Comité de Persoal do Concello decidimos ofertar unhas prazas determinadas. Considerarei e verei o que me dixo nunha próxima oportunidade.

SRA. ALCALDESA: Imos votar este único punto da orde do día incorporando as emendas de Democracia Progresista Galega.

**Emendas parciais presentadas polo voceiro do Grupo Municipal de Democracia Progesista Galega durante o curso do debate:**

**1ª Emenda**

Propoñemos engadir unha partida para Axuda ó Terceiro Mundo cunha contía de: 10.000.000 ptas. (uns 60.241 €).

Propoñemos que a baixa se faga na partida que ampara a remodelación do edificio Cambón.

**2ª Emenda:**

Propoñemos engadirille á partida para o establecemento do Plan Municipal de Emerxencias unha contía de: 10.000.000 ptas. (uns 60.241 €)

Propoñemos que a baixa se faga na partida relativa ó edificio Cambón.

**3ª Emenda:**

Propoñemos engadir unha partida para remodelación do Pazo de Castrelos cunha contía de: 20.000.000 ptas. (uns 120.482 €)

Propoñemos que a baixa se faga na partida relativa ó edificio Cambón.

**4ª Emenda:**

Propoñemos engadir unha partida para a supresión de barreiras arquitectónicas cunha contía e: 60.000.000 ptas. (uns 361.446 €)

Propoñemos que a baixa se faga na partida relativa ó edificio Cambón.

**5ª Emenda ás Bases de Execución:**

Engadirille ás bases dos Orzamentos xerais o apartado seguinte:

"Farase un Regulamento de Subvencións en consonancia coa Lei 38/2003, do 18 de novembro, para que nas bases de convocatoria para as mesmas, ou nas normas reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia, concursada ou non, se establezan comisións de avaliación ou selección que actúen na fase de instrucción do expediente. Nas devanditas comisións participarán, ademais dos grupos políticos municipais, as organizacións sociais ou os sectores afectados polos programas de subvención dos que se trate en cada caso."

VOTACIÓN CONXUNTA DAS CINCO EMENDAS PRESENTADAS POLO VOCEIRO DE DEMOCRACIA PROGRESISTA GALEGA DURANTE O CURSO DO DEBATE E DO FONDO DO ASUNTO: Con quince votos en contra dos Sres. e Sras., Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, e Toba Girón, dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro e dez votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez,

Figuroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o Exercicio do ano 2004.

INTERVENCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA: Para pechar este Pleno quería agradecer ó Concelleiro-delegado o esforzo que fixo, tamén lle agradecer ó Comité de persoal polas múltiples conversas e polo seu traballo e así mesmo ós servizos técnicos deste Concello.

Desexo agradecer tamén ó Grupo de Democracia Progresista Galega o seu sentido de cidade ó non bloquearen os proxectos de orzamentos que o Goberno local presentou.

Tamén teño a obriga de realizar unha breve reflexión sobre o comportamento do resto dos Grupos da oposición neste Pleno. Señores e señoras membros dos Grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, o sentido do seu voto neste Pleno da Corporación impide a aprobación dos orzamentos municipais para o presente exercicio. Este feito non pode quedar impune, ben é certo que están vostedes en liberdade de decidir se están en disposición de sacar adiante a cidade ou, pola contra, entenden que deben deixar a Vigo chantado. Repito que o sentido do seu voto deixa ben ás claras que optan vostedes por deixar a Vigo unha vez máis ós pés dos cabalos e non é a primeira vez xa que o seu comportamento dende as pasadas eleccións municipais provocou graves crisis políticas que puxeron á cidade no límite da paciencia.

Señores e señoras, os cidadáns que confiaron en vostedes e na súa vontade deben coñecer o seu comportamento irresponsable impedindo que a cidade obteña un maior nivel de benestar.

O meu Grupo puxo de xeito permanente enriba da mesa a súa vontade de consenso. Vostedes non achegaron nin unha soa proposta e claramente en ningún momento tiveron vostedes a intención de participar na elaboración do orzamento. En conclusión non tiveron intención do apoiar.

Durante os primeiros meses do meu mandato comprometín doutras administracións investimentos a día de hoxe por valor de máis de 12 mil millóns das antigas pesetas e fixemos este esforzo en primeiro lugar porque Vigo merece o apoio das administracións provincial, autonómica e do Estado, pero tamén porque sabiamos que os orzamentos non darían moitas

oportunidades de investimento ó propio Concello, principalmente porque perto do 40% da capacidade investidora xa esta comprometida polo anterior Goberno.

Elixiron unha vez máis utilizar o seu voto nesta Corporación na procura dos seus propios intereses de partido esquecendo as necesidades dos vigueses e fallando ó debido sentido de cidade. Non coido que aqueles que lles outorgaron a súa confianza acepten de bo grao a súa aptitude.

Nós prorrogaremos os orzamentos e continuaremos, gustélles ou non, traballando por Vigo. Remátase a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, a Presidencia deu por rematada a sesión, ás once horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.